

Alcoa e comité buscan un acordo para poder negociar a venda da fábrica

A nulidade do ERE por parte do TSXG deu paso a unha nova sucesión de novidades en Alcoa que leva aos traballadores e á empresa a un novo enfrontamento pola suspensión da folga indefinida. A dirección da factoría xa comunicou a súa intención de renegociar a venda de Aluminio á Sepi pero esixe a suspensión da folga, algo co que o comité non está de acordo, xa que antes quere unha garantía da súa intención de compra. Polo tanto, a situación entrou nun novo tira e afrouxa que podería decidirse estes días xa que a empresa fixo a súa proposta final. **Pax. 2**

Chega a vacina da esperanza

Comeza a vacinación contra a covid nos centros de maiores tras varios gromos que teñen en alerta de novo aos municipios da costa mariñá

Rexurde a esperanza entre os veciños da Mariña, ao igual que no resto do mundo, para que a vacina contra ao coronavirus logre frear a expansión desta pandemia mundial que está a causar estragos non só no ámbito sanitario e económico, senón en todo os demais aspectos da vida diaria. Polo de pronto, a primeira dose da vacina xa foi posta aos maiores e aos seus cuidadores nas residencias malia que en Burela, o primeiro sitio, posteriormente foron detectados varios casos. Pero esta non é a única localidade na que o virus causa estragos xa que Viveiro e Xove, en máxima alerta, non logran controlar a propagación. **Pax. 3**



foz. O Concello adxudica varias obras na vila e nas parroquias. **Pax. 6**

burela. O Pleno acorda a conxelación das taxas e prezos públicos. **Pax. 10**

barreiros. Kms Barreiros recada máis de 1.300 euros. **Pax. 16**

xove. O Concello contará no 2021 con preto de 8 millóns de presuposto. **Pax. 17**

cervo. O polígono de Cuíña acollerá a nova planta de biorresiduos. **Pax. 19**

mondoñedo. Veciños e oposición, contra a reforma da praza da Catedral. **Pax. 21**

mar. Os portos de Celeiro e Burela pasan a ser puntos de control fronteirizo. **Pax. 25**

A música tamén pode ser solidaria



Músicos de Ribadeo acordan gravar un CD. **Pax. 15**

Maiores de Trabada son protagonistas



Participan no proxecto de musealización local. **Pax. 23**

Triplete de vitorias do Pescados Rubén



O club conseguiu dúas copas e a Supercopa. **Pax. 26**

A Deputación aproba as bases do Plan Único do 2021

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante as bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 no pleno da Corporación. Entre as novidades para este exercicio está a aprobación destas bases no ano

anterior, a subida da dotación ata os 21,5 millóns de euros, a posibilidade de imputar gastos de contratación de persoal desde principios de ano e a apertura dunha nova vía de apoio ao sector servizos. **Pax. 24**

Guau, que rebaixas!

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

REBAIXAS

50%

ATÉ O VERÁN

En TODOS os
paquetes de fibra



Fibra 1.000 Mb



Móbil 23 GB

22€/mes
durante 6 meses

IVE e cota de liña incl. (despois 44€/mes)



Chama
gratis ao
900 651 679

Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 08/01/2021 e o 01/03/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 23GB coa promoción, durante os primeiros 6 meses, só pagarás 22€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Alta e instalación gratuítas.

A MARIÑA

Rematan as reformas de centros sociais da comarca

A Consellería de Política Social destinou este ano 367.800 euros a mellorar os seus centros da provincia a través dos contratos xestionados pola Xefatura Territorial de Lugo.

A Xunta executou obras de reforma e acondicionamento e dotou de equipamento diverso a residencias, centros sociocomunitarios, escolas infantís e outras instalacións públicas de titularidade autonómica que prestan diferentes servizos sociais.

Na comarca actuou nos campamentos xuvenís de Area (Viveiro) e A Devesa (Ribadeo) como o cambio da porta de acceso a Area e a subministración de canastras para este campamento ou a construción de bases de formigón para tendas de campaña na Devesa. Tamén se realizaron traballos de modernización no centro sociocomunitario de Mondoñedo e investimentos para as escolas infantís de Foz, Ribadeo e Viveiro.

Contratan dez axentes de emprego para concellos

A Consellería de Emprego e Igualdade destina 94.700 euros a facilitar a contratación de 10 axentes de emprego e desenvolvemento local que prestarán servizo noutros tantos concellos da Mariña. Os beneficiarios son Ribadeo, Cervo, Barreiros, Xove, Mondoñedo, Lourenzá, O Vicedo, A Pontenova, Oulol e Foz. Os axentes de emprego teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas no municipio. Desempeñan diversas tarefas como promotores de actividade, prospectores de mercado ou asesores puntuais de proxectos de empresa.

Alcoa volve ás negociacións

O TSXG fallou contra o ERE da empresa, que anuncia a intención de tratar co Sepi para a venda da factoría



Os traballadores de Alcoa recibiron unha semana antes de Nadal un agasallo adiantado de Reis, que foi a sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que declaraba nulo o ERE de Alcoa e condenaba á empresa a reincorporar aos empregados afectados ao seu posto de traballo e a pagarlles os salarios deixados de percibir desde a data do despedimento ata a súa efectiva readmisión.

O alto tribunal, polo tanto, acolleu a demanda presentada polos sindicatos CCOO, CIG e UXT fronte ao despedimento colectivo presentado pola multinacional do aluminio, que afectaría a 524 traballadores da planta. A Sala aprecia mala fe nas negociacións por parte da empresa, pois asegura que a súa posición sobre os despedimentos e as súas compensacións “non variou nada” desde a súa proposta inicial. Esta noticia chegou á Mariña con ledicia para seguir dando folgos na loita pola continuidade da fábrica. Trala celebración da nova, os traballadores recibiron outro revés, a intención da empresa de recurrir a sentenza, noticia que chegaba o día de Noiteboa e cando o comité xa indicara que suspenderían a folga indefinida que manteñen desde o 4 de outubro se a empresa se

senta a negociar co Goberno central e a Xunta, a través de a Sepi, unha solución definitiva para a planta de San Cibrao e que esta poda manter a totalidade da produción e dos postos de traballo.

Así mesmo indicaban que era necesaria unha negociación paralela cos sindicatos para a reactivación das cubas paradas e o rebrascaxe, ademais da contratación de todo o persoal que perdeu o seu posto de traballo pola finalización dos seus contratos durante o proceso.

Estas peticións laborais foron os eixes das reivindicacións deste Nadal ata que xusto antes de cambiar o ano Alcoa anuncia, nun comunicado do propio Álvaro Dorado aos traballadores, a súa disposición para negociar de novo a venda da factoría, a condición que se suspenda o paro que impide sacar da fábrica o aluminio producido.

“Co obxectivo de atopar a mellor solución posible á planta de aluminio de San Cibrao, Alcoa está disposta a explorar de novo a súa venda á Sepi, tal e como viñeron demandando o Goberno e os representantes dos traballadores”, indicaba nun comunicado.

Ademais, Alcoa pedía “que o Comité de Empresa finalice a folga para que o proceso poda desenvolverse nun ambiente de normalidade e



Á esquerda, unha reunión do comité de empresa destes días e nas outras dúas, a celebración da sentenza de nulidade do ERE por parte dos traballadores

paz social” e convocouse ao comité de empresa a unha reunión para o 7 de xaneiro”.

Pero malia as boas intencións iniciais de todas as partes, os traballadores esixiron a Alcoa un compromiso de venda para suspender a folga e as reunións sucedéronse. Sexa como fora non volven a atopar a senda do acordo entre as dúas partes e polo momento a negociación segue parada.

Tras varias xornadas de reunións e negociacións a empresa presentou unha oferta final que os sindicatos estudan estes días antes de tomar unha decisión firme sobre a suspensión ou non da folga.

E mentres esto pasa en San Cibrao,

a xuíza da Audiencia Nacional María Tardón admitiu a querela presentada pola Confederación de Cadros Profesionais contra un total de dez persoas físicas e nove xurídicas en relación co proceso de venda das plantas da empresa Alcoa en Avilés e A Coruña.

A querela preséntase por feitos considerados pola entidade sindical como constitutivos dos delitos de estafa agravada, insolvencia punible, apropiación indebida, contra a seguridade dos traballadores e pertenza a grupo criminal. Diríxese contra, entre outros, Víctor Rubén Domenech e as sociedades Alcoa Inespal SLU, Alu Ibérica LC SL, Alu Ibérica AVL SL ou Parter Capital Group.

VIVEIRO

VIVIENDAS DE 2 y 3 HABITACIONES
DESDE 62.280 € con garaje y trastero
IMPUESTOS NO INCLUIDOS

BURELA

VIVIENDAS DE 1, 2 y 3 HABITACIONES
DESDE 36.300 € con garaje y trastero
IMPUESTOS NO INCLUIDOS

CISBAR
INMOBILIARIA

Rúa Vila, 71. 27790 BARREIROS - 650 822 930
Avda. Asturias - FOZ
Avda. Arcadio Pardiñas, 101. 27880 BURELA

Visite nuestra web: www.cisbar.es


A covid non dá tregua na Mariña

Viveiro e Xove manteñen en vilo ás autoridades sanitarias con cifras descontroladas de contaxios malia o comezo da vacinación entre maiores

As residencias de maiores volven ser este ano que vén de comezar o obxectivo da covid-19 que volve campar ás súas anchas por todo o mundo con cifras descontroladas, condicionadas pola relaxación das medidas durante as festas de Nadal. Debido a que se reducen os desprazamentos entre localidades como unha medida máis de control, os diferentes gromos que se están dando circunscribíense en moitos casos aos propios termos municipais e veñen condicionados, en moitas ocasións, pola entrada do virus nas residencias de maiores.

Así pasou en Xove, que conseguiu subir dos cen casos e tivo unha das porcentaxes máis altas de incidencia por habitante. A residencia de maiores foi o centro deste gromo aínda que se estendeu ao resto da poboación, pero en menor medida. A excepción é Viveiro, que pasa por unha situación de descontrol total de contaxios por segunda vez este inverno. Agora, nesta terceira vaga acada cifras de contaxios que preocupan moito ás autoridades sanitarias porque, ademais, está co máximo nivel de restricións. En Burela, a residencia de maiores, primeiro sitio onde se iniciou a vacinación na provincia, tamén trouxo un novo gromo este mes que estima que está controlado e mantendo á vila baixo estrita vixilancia. Cervo, por proximidade, tamén está en zona de risco pero mantén cifras controladas, ao igual que Ribadeo, que tamén tivo un gromo na residencia asilo pero que puido ser controlado antes de extenderse polo resto da poboación.

PROVINCIA. Mentres continúa o proceso de vacinación, a situación epidemiolóxica na provincia de Lugo continúa á alza, aínda que de forma máis lenta. Por riba xa dos 800 casos activos, o ritmo de novos contaxios detectados diariamente ronda os 50, algo que se compensa coas altas médicas, pero que non consiguen compensar o incremento da curva. Dende que comezou a pandemia,



no mes de marzo do pasado ano, hai preto de 8.000 casos rexistrados na provincia e máis de 150 persoas falecidas, unha cifra que está desvirtuada porque varios veciños morreron en hospitais doutras áreas ao ser trasladados das residencias afectadas, como Xove e Ribadeo nos últimos tempos, e non computan en Lugo. E a que sobe novamente é a presión hospitalaria. Malia que a

UCI chegou a estar baleira, xa ten pacientes de novo e as plantas seguen a acoller persoas aínda de lonxe de estar en situación de risco. Ademais da Mariña, preocupa a situación na Pastoriza, tamén por un gromo nunha residencia mentres en Vilalba a situación non acaba de mellorar. En Chantada e Monforte rondan a vintena de casos e Lugo sobe ata 113.

Vacinación da gripe

A Dirección Xeral de Saúde Pública vén de acordar a prórroga da campaña de vacinación contra a gripe 2020 que se estenderá até o 16 de xaneiro de 2021, ou até esgotar as doses, co obxectivo de que se poidan vacinar contra esta infección todas aquelas persoas que aínda non o fixeron.

A ampliación da campaña está destinada tanto para aquelas persoas que pertencen ás poboacións nas que a vacinación contra a gripe está indicada, como para a restante poboación que desexa vacinarse.

A campaña de vacinación antigripal deste ano xa superou moitos dos

obxectivos fixados para o exercicio 2020. Así, os datos actuais reflicten que o 76,32% do persoal sanitario xa se vacinou, resaltando o persoal médico co 77%, e o de enfermaría co 75,78%. No que atinxe as mulleres embarazadas, xa se superou o obxectivo fixado para esta campaña ao acadar o 63,66%.

Ademais, e respecto das persoas de 65 ou máis anos, na actualidade xa se vacinou o 71,38%. Neste último caso, cómpre subliñar que se incrementou en 11 puntos a cobertura respecto da campaña do ano pasado, achegándonos ao 75% marcado como obxectivo.

Adamo busca o pobo máis amado da man de Jesús Calleja

Adamo pon en marcha un concurso para descubrir cal é o pobo máis amado do país. Non se trata de dar coa localidade cuxos habitantes teñan maior sentimento pola mesma. O obxectivo real desta iniciativa é lembrar e destacar as virtudes das formas de vida que se desenvolven no mundo rural.

En Adamo preténdese dar cobertura aos profundos cambios vitais, sociolóxicos, sanitarios, sociais e laborais que xa son unha realidade tras a irrupción do coronavirus. Desde o cambio de domicilio a municipios con menos poboación e as citas médicas por Internet, pasando polos xa imprescindibles teletraballo e formación en remoto, ata o comercio e o lecer en liña.

Esa volta ás orixes ha de ir acompañada dunha igualdade de oportunidades -tamén tecnolóxicas e de telecomunicacións- para o ámbito rural en relación ás contornas urbanas. Para iso, resulta clave que a fibra óptica chegue a todos os recunchos e ás zonas desconectadas. Os propios veciños dos pobos, así como simpatizantes destes, poderán enviar fotos de lugares emblemáticos, bonitos ou con algunha significación. Calquera imaxe que cada participante prefira, que sirva



para ilustrar a beleza de cada sitio, a forma de vivir, a historia, a gastronomía, etc. Tamén vídeos con testemuños para que aqueles poidan relatar por que cren que o municipio en cuestión é o máis querido. Ao obxecto de recibir ese material Adamo habilita unha web para as votacións, que lanzarán un gañador cuxos habitantes se beneficiarán dunha oferta exclusiva, así como o seu concello terá un ano gratis de conexión a Internet. Así, Adamo fará posible que 'a poboación máis amada' convértase tamén na mellor conectada coa fibra óptica máis rápida que existe no mercado. Jesús Calleja, o popular presentador de televisión e embaixador de Adamo, colaborará na procura dese municipio tan especial facendo unha visita ao gañador.

Cinco centros participan en programas de clubs de lectura

O programa Clubs de Lectura impulsado pola Xunta de Galicia chega este curso a 213 centros escolares de toda Galicia e a aproximadamente 10.100 participantes. O programa vai dirixido a centros públicos titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato, FP ou de réxime especial. Por provincias, do total de participantes neste curso, 86 centros pertencen á provincia da Coruña, 34 centros á de Lugo, 23 á de Ourense e 70 á provincia

de Pontevedra. Na comarca participan o IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo, o IES Enrique Muruais da Pontenova, o CIFP Porta da Auga de Ribadeo e o EOI de Viveiro Luz Pozo Garza e o IES María Sarmiento de Viveiro. A iniciativa, que forma parte do Plan Lía de Bibliotecas escolares, ten como obxectivo impulsar o hábito lector, mellorar as habilidades sociais e a aprendizaxe desde o espazo da biblioteca escolar de cada centro.

Talleres ARMANDO

GRANDES OFERTAS EN SEMINUEVOS

Talleres Armando, Foz en Crta. General, 1 - 27780 Forxán / 982 141 554 - 639 752 514 • armando@talleresarmando.com • www.talleresarmando.com

Xove en Pol. Camba, 31 - 27870 Xove / 982 102 020

Automóviles Puerta Norte, Ribadeo en Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo / 982 120 803

Balance positivo das actividades de outono da Mancomunidade

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense fai un balance moi positivo da celebración da segunda edición do curso Comunicación dixital, marketing e novas tecnoloxías para a promoción de destinos e empresas turísticas na era covid-19, que tivo lugar en Xove, e dos roteiros desenvolvidos durante o outono que remataron o pasado 13 de decembro.

No curso participaron un total de 20 persoas, entre elas persoal técnico dos concellos e das pequenas e medianas empresas do sector turístico da comarca.

Por outra banda, o pasado 13 de decembro remataron os roteiros programados na edición de outono de A Mariña en Ruta cunha excelente acollida. O proxecto, promovido pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, co apoio da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo, e coordinado pola empresa de ecoturismo Maremasma, puxo en valor o patrimonio cultural e natural da Mariña Lucense con 7 roteiros únicos durante os meses de outubro, novembro e decembro deste ano marcado polo Covid19.

Participaron un total de 37 persoas nas 7 rutas, completándose todas as prazas dispoñibles desta edición de outono de A Mariña en Ruta, que veu marcada polas restricións de aforo entre 4 e 5 participantes.

Comeza un novo obradoiro Sendas de Burela, Cervo e Xove



Acto inaugural do obradoiro de emprego

O rexedor, Alfonso Villares, acompañado pola concelleira de Medio Ambiente, Mali Méndez, inaugurou o obradoiro de emprego Sendas de Burela, Cervo e Xove VII, que se prolongará durante 9 meses.

O Concello de Cervo promove nesta ocasión este taller compartido subvencionado pola Xunta de Galicia cunha aportación de 346.946 euros, no que se formarán 20 persoas desempregadas -7 alumnos/as en Cervo, en actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

Villares quere destacar a gran importancia deste obradoiro á hora de mellorar e acondicionar as zonas verdes e os espazos públicos do Concello. O rexedor explicou que os traballos centraranse fundamentalmente no acondiciona-

mento do parque Reina Sofía en San Ciprián e o parque das Lobeiras e o municipal en Cervo; as zonas verdes e infantís en A Veiga, a continuación coa creación e mellora dos xardíns da Atalaia; a contorna da Antiga Fábrica de Salazón e a Ponte Medieval de Lieiro; a zona verde do Campo da Feira e a Praza do Souto; a área recreativa das Antigas Fábricas de Sargadelos e farán tamén diferentes traballos de roza, poda ou plantación de especies de tempada.

Villares destacou a importancia que ten neste caso a colaboración institucional que “nos permite impulsar programas que contribúen a mellorar a empregabilidade dos participantes ofrecéndolles unha formación teórico-práctica de calidade”.



Os presidentes da Deputación e da Federación de Comercio, o día da firma

A Deputación firma un convenio coa Federación de Comercio

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co presidente da Federación de Comercio A Mariña, José Carlos Paleo, pola cal a institución provincial achega 7.000 euros ao colectivo, en dúas anualidades, para desenvolver varias campañas enfocadas á promoción do comercio de proximidade, co fin de dinamizar a economía da comarca ante a crise provocada polo coronavirus.

Tomé Roca destacou que “esta axuda enmárcase na aposta decidida da Deputación por apoiar a un dos sectores máis afectados pola pandemia, como o comercio e a hostalería, que sufriron e seguen sufrindo grandes dificultades. Ante esta situación, dende as administracións non podemos mirar cara outro lado. Por este motivo, e como

vimos demostrando, colaboramos coa Federación de Comercio A Mariña, para que eses máis de 7.000 postos de traballo se manteñan, e, deste xeito, saír xuntos, fortes e unidos desta situación”.

Neste senso, o mandatario provincial salientou a importancia do pequeno comercio, “que ten un efecto vertebrador sobre os concellos”, e subliñou “a necesidade de seguir apostando por unha actividade que aporta proximidade, calidade e, sobre todo, confianza”.

A Federación de Comercio A Mariña conta con máis de 1.100 asociados da comarca e ten como obxectivo organizar eventos e iniciativas que axuden a tódolos seus asociados, buscando obter unha repercusión económica importante na comarca.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 85 81
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97

BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05

BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53

CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12

LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29

MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62

PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00

RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43

RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00

VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12

VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51

VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01

XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



amariñaxa

xornal independente da mariña

www.amariñaxa.com

Teléfono 661 464 323

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amarinaxa.com

a

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

X

Avanzan as xestións dun servizo de auga conxunto para Ribadeo e Trabada

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de adxudicar a redacción do proxecto construtivo da mellora do abastecemento nos concellos de Ribadeo e Trabada.

Este contrato, cun investimento autonómico de máis de 18.000 euros, foi adxudicado á empresa Idom Consulting, Engineering, Architecture S.A.U. Os traballos contan cun prazo de execución estimado de 6 meses.

Os traballos a realizar consisten na redacción dun proxecto construtivo para o desenvolvemento a nivel de detalle da alternativa seleccionada e validada por ambos concellos, para dar solución ao deterioro das redes municipais de abastecemento de auga deste municipios.

RIBADEO. O alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, explicou que “os traballos a realizar consisten nos servizos de enxeñería para a realización do conxunto de campañas de campo que son necesarias para garantir a viabilidade técnica e poder definir o trazado de detalle no termo de Ribadeo para a nova condución xeral de abastecemento a Ribadeo desde o límite co Concello de Trabada e que procede do depósito de Vilarbetote”. Correspóndenlle por tanto ao Concello os levantamentos topográficos, traballos xeotécnicos e xeolóxicos e as avaliacións dos organismos afectados. Explica que esta obra era necesaria polo estado obsoleto dunhas tubarías que datan de finais dos anos setenta do século pasado e que frecuentemente provocan avarías e poñen en serio risco de desabastecemento á poboación



TRABADA. Pola súa conta, o Concello de Trabada destina preto de 6.000 euros para a elaboración do estudo de detalle da alternativa seleccionada no ámbito do seu territorio, co obxecto de validar o trazado dende un punto de vista xeotécnico, topográfico e administrativo.

Os traballos a realizar consisten nos servizos de enxeñería para a realización do conxunto de campañas de campo que son necesarias para garantir a viabilidade técnica e poder definir o trazado de detalle no termo municipal de Trabada para a nova condución xeral de abastecemento a Ribadeo desde o límite co Concello de Ribadeo ata o depósito de Vilarbetote.

A Xunta e os Concellos de Ribadeo e de Trabada acordaron impulsar conxuntamente unha solución aos problemas de abastecemento de ambos os dous municipios, co financiamento, tamén, da Deputación provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico.

Aumentan as horas de servizo do SAF en Viveiro e Riotorto

A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha o Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para persoas en situación de dependencia, que na provincia de Lugo suporá un incremento do 13,5% nas horas anuais de prestación deste servizo en 30 municipios.

O delegado territorial da Administración autonómica, Javier Arias, explicou que estes concellos sumarán en total 160.700 novas horas anuais, ata chegar a algo máis de 1,3 millóns de horas ao ano para atender ás persoas que o precisen.

A Xunta reforza a axuda a domici-

lio naqueles lugares onde é máis necesario, con especial atención ás zonas rurais. Os concellos da provincia con máis incremento de horas en termos porcentuais son Sarria (28%), Guntín (case o 26%), Lugo (24,6%), Cervantes (20,5%), Riotorto (preto do 17%), Viveiro (17,5%), Vilalba (case o 15%), Begonte (14,6%), Castro de Rei (14,4%) e Baralla (13,3%). En canto ao tempo asignado, Lugo será o municipio con máis horas de atención a domicilio en 2021 (228.624), seguido de Vilalba (189.912), Viveiro (70.332) e O Saviñao (69.876).

A RAG dedicará o Día das Letras Galegas do 2021 a Xela Arias

A Real Academia Galega dedicarálle a Xela Arias (Sarria, 1962 – Vigo, 2003) o Día das Letras Galegas de 2021. O Pleno da institución acordou na sesión celebrada esta tarde homenaxear o ano que vén a quen foi unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea. Xela Arias é autora dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida que será celebrada ao longo dun 2021 durante o cal a RAG lembrará ademais o seu labor como editora e tradutora que verteu milleiros de páxinas de clásicos ao galego.

Por idade, Xela Arias formou parte dun grupo de poetas que tamén recibirán a homenaxe da RAG a través dela: o dos mozos e mozas que renovaron a poesía a partir dos primeiros 80 en temas, estilo e forma. Pero a dela é unha desas voces singulares e inclasificables, de tal maneira que —



Xela Arias

en palabras de Ana Romaní— o seu é un nome que se pronuncia sen xeración. A protagonista das Letras Galegas 2021 concibía a poesía como un xeito de indagar e cuestionar a orde das cousas, de describir o que se aprende a ocultar.

A Mancomunidade elixe os vídeos gañadores do concurso de cociña

María del Carmen Rey, de Mazari-cos, e o Centro de Día A Concordia, de Ribadeo, son os gañadores do I Concurso de Vídeos Cociñando A Mariña, que convocou a Mancomunidade.

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense fixo públicos nas súas redes sociais e canal de YouTube os dous vídeos gañadores do concurso posto en marcha dentro da iniciativa Cociñando A Mariña Lucense. Tamén compartiu os dous últimos vídeos gravados en colaboración coa hostalaría local e o IES de Foz. O ente levou a cabo este proxecto en colaboración coa FCAM e co apoio da Axencia de Turismo de Galicia.

A Mancomunidade lanzaba o concurso de vídeo-receitas para o público xeral o pasado mes de outubro, despois de ter dado a coñecer o traballo dos distintos produtores existentes no territorio nas súas redes sociais durante case un mes. Na páxina web do ente tamén é posible consultar a Guía de Produtores da Mariña Lucense.

O primeiro premio dos vídeos gañadores do I Concurso Cociñando A Mariña Lucense (fin de semana no Hotel Rías Altas de Barreiros para dúas persoas, para vivir unha experiencia de turismo slow) foi para *Taco Teresa*, de María del Carmen Rey Mayo, de Mazari-cos (A Coruña).

O segundo, (ruta da Faba de Lourenzá para dúas persoas. Trátase dunha experiencia turística completa que combina arte, natureza, gastronomía e cultura local) correspondeu a *A Bocados*, realizado polo Centro de Día A Concordia de Ribadeo, ao que se lle comunicou a posibilidade de adaptar a ruta ás necesidades dos usuarios cando sexa posible.

DISFRUTA DE LAS MEJORES REBAJAS Y RENUEVA TU HOGAR CON

almayo
muebles

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

Almayo

NOVAS

foz

Acia escolleu os mellores escaparates

Xanela Agasallos e Complementos gañou o Concurso de Escaparates convocado por AciaFozCCA. O segundo premio foi para Electricidad Núñez e o terceiro para Ofifoz.

Un xurado foi o encargado de elixir aos tres escaparates premiados. Esta nova edición do concurso desenvolveuse entre 15 de decembro e o 6 de xaneiro. Os participantes enviaron as súas fotos a AciaFozCCA, que procedeu a publicalas no facebook da asociación para que todo o mundo puidese velas.

Mención especial recibiu Lourdes Moda Interior e Baño pola decoración realizada á entrada do seu establecemento. Os premiados no Concurso de Escaparates de AciaFozCCA recibirán un diploma e un detalle.

Desde a asociación agradecen “a participación nesta nova edición do concurso, así como a decoración realizada nos escaparates dos negocios de Foz, porque contribuíron a crear un bonito ambiente de Nadal nas rúas da nosa localidade”.

POSTAL. A felicitación institucional do Concello de Foz neste Nadal foi a postal gañadora na categoría xuvenil, obra de Irene Fernández Martínez, de 12 anos de idade.

O Concello adxudica varias obras

O Concello de Foz procedeu á contratación de distintas obras con fondos propios, que se levarán a cabo a comezos do ano 2021. De feito, con fondos propios destinados ao arranxo de viais vanse realizar distintas obras que foron contratadas neste mes de decembro e que comezarán a executarse a principios de ano. Unha das obras é a urbanización e mellora de accesibilidade na rúa Xulia Minguillón, que serve de conexión entre as de Corporacións Municipais e de Cervantes, e ten soamente beirarrúas na metade da súa lonxitude e un firme que presenta moi mal estado de conservación. Moi empregada tanto por vehículos como por peóns, vanse dispoñer beirarrúas en toda a lonxitude da rúa por ambas marxes e renovar o firme, que se encontra en mal estado, garantindo deste modo a accesibilidade a tódolos veciños da zona. Terase en conta tamén a ampliación dos distintos servizos e disporase unha nova canalización para a mellora do alumeadado público, que se executará nunha segunda fase. Esta actuación contratouse por un montante total de 28.350 euros.

Tamén se fará o asfaltado de camiños veciñais nas parroquias. Actual-

mente hai distintos camiños públicos de titularidade municipal que serven de acceso a vivendas e que teñen un firme en zahorra ou terra, sen asfaltar. Isto presenta un gran inconveniente para as veciñas e veciños, especialmente en época de inverno, na que se complican moito as circulacións diarias. Os viais asfaltaranse cunha dobre rega asfáltica sobre base de macadam, previo perfilado dos mesmos e limpeza de cunetas e taxeas. Os viarios sobre os que se actuarán están situados na parroquia de Vilaronte (camiño Vilarmea, en Mañente; zona do Punto Limpo, en Escanlar; e Espiñeirido, na Espiñeira), na parroquia de Nois (zona de Trasmonte e Cabanas-Carpacide) e na parroquia de Cangas (Camiño do Muíño, en Alamparte). Estas obras de acondicionamento e asfaltado de camiños contratáronse por un total de case 22.000 euros.

A mellora de sinalización horizontal é outras das accións previstas en aglomerados feitos en anos anteriores. En diversas rúas do casco urbano non se repintaron liñas e pasos de peóns, provocando unha situación de inseguridade a todos os viandantes xa que desapareceron as marcas



O alcalde supervisando o lugar das obras na rúa Xulia Minguillón

viais e, polo tanto, tamén unha zona de paso segura para cruzar as rúas. Isto acontece por exemplo na rúa Concepción Arenal ou na rúa Pascual Veiga. En outras moitas rúas, como na do Pilar ou na rúa de Fondós, os pasos de peóns encóntranse moi deteriorados co paso do tempo. Noutros casos, como nas rúas de Alfiz e do Valadouro, recentemente renovadas, está pendente dispoñer a sinalización horizontal. Para todos estes casos, contratouse o pintado por un importe total de 9.900 euros. Tamén se fará a substitución da varanda do Parque Martínez Otero coa rúa Paco Maañón, que está moi

deteriorada, perigosa e con ferruxe, nunha zona onde se concentran moitos cativos. Obxecto incluso de mocións plenarias en anteriores lexislaturas, procedeuse á contratación da fabricación e instalación dunha nova varanda, galvanizada en quente e lacada, que ofrezca seguridade a todas as nenas e nenos que van xogar ao parque. A nova varanda suporá 4.150 euros.

“Con estas adxudicacións o Concello de Foz segue coa renovación de infraestruturas viarias, pensando sempre na accesibilidade e incidindo na conservación e mellora do existente”, destaca Fran Cajoto.

Entregan os premios #imPulsaFoz

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o presidente da Acia local, José Carlos Paleo, entregaron os agasallos polas fotografías subidas ás redes sociais dentro do programa #imPULSAFOZ.

Do sorteo realizado entre as imaxes subidas ás redes sociais diante dos murais instalados saíron premiadas Vicky Varela Varela e @rosangela-creativa. Os agasallos consisten nun primeiro premio de 200 euros e un segundo premio de 100 euros en vales de compra, que poderán gastar nos comercios asociados á Acia foz-gega.



O momento da entrega dos premios de fotografía



GESTAGUA. A empresa Gestagua non celebrou este ano a súa habitual comida de Nadal na súa sede de Madrid e decidiu doar o seu importe, 2.000 euros, ao Banco de Alimentos de Foz. A entrega foi realizada á concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, polo delegado en Galicia da firma, José Rey, e o xefe de servizo en Foz, Ramón Hernando.

MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

“Xornadas do COCIDO GALEGO”
En enero y febrero

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Alertan da presenza nos areais de carabelas portuguesas

Os areais de Foz están a rexistrar nos últimos días a aparición de carabelas portuguesas, unhas medusas que poden resultar moi perigosas ao contacto. Os primeiros exemplares detectáronse no areal das Polas e despois xa se viron tamén no de Llas. Polo de agora non se ten constancia da súa presenza en ningún outro punto, se ben non se descarta. Trátase dunha especie altamente tóxica polo veneno que acumulan nos seus tentáculos e que desprenden mesmo de mortas, polo que se pide aos veciños precaución para non entrar

en contacto con elas e procurar manter tamén alonxadas as mascotas. A presenza de exemplares de carabela portuguesa non é habitual nas praias da Mariña ao ser unha especie propia de augas cálidas. O máis probable é que a súa aparición esté vinculada ás borrascas que arrastran aire cálido cara a costa e que xa fixeron que en días pasados se detectase a súa presenza en praias da Coruña, que chegaron a ter que ser pechadas. No caso de Foz ese extremo non é polo de agora preciso ao terse detectado poucos exemplares.



CONVENIO REAL. As Casas Reais dos Magos de Oriente e o Concello de Foz asinaron un convenio para facilitar a entrega de agasallos ás nenas e nenos focegos neste Nadal 2020 a pesar das restricións horarias pola pandemia. Os asinantes analizaron as dificultades do horario de restrición de mobilidade ás 23 horas e as medidas para evitar a expansión do covid.

O Concello abonará este mes as expropiacións do paseo de Malates



Unha vista do paseo de Malates

O Concello de Foz ten convocado para o próximo día 26 de xaneiro, ás 10.00 horas, no salón de plenos do Concello, o acto para efectuar o pago das expropiacións dos terreos que se utilizarán para facer o paseo de Malates. O Concello de Foz destinará a esta medida un total de 28.000 euros.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explicou que estas expropiacións veñen da época na que José María García Rivera era alcalde e que o goberno de Castiñeira non foi quen de facelas efectivas “polo que non paralizamos ningún trámite”.

O alcalde defendeuse así das acusacións verquidas polo Partido Po-

pular de “parálise administrativa” asegurando que axilizar os trámites administrativos foi unha das súas prioridades e que para iso contratouse unha asesoría externa e activouse a licitación electrónica. Cajoto recoñeceu que aínda non están renovados os contratos de abastecemento de auga e do SAF asegurando que se está avanzando na tramitación pero que son procesos lentos.

Sobre o retraso en cubrir as dúas vacantes de Policía, o alcalde asegurou que está aprobada a firma dun convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública para cubrir as prazas pero que esta aínda non convocou os exames.

BREVES

TEATRO SOLIDARIO. O local da Asociación Cultural O Castro, de Vilaronte, acollerá a representación da obra titulada *Vaia faena, a corentena*, do grupo de teatro O Centiño, de San Martiño. Será o vindeiro sábado, 16 de xaneiro, ás 20.00 horas. A entrada será de balde, con aforo limitado, e farase unha recollida de donativos e alimentos que se entregarán a Cáritas. As persoas interesadas en asistir poden reservar as súas localidades no teléfono 636.664.210. O evento está organizado pola Asociación Cultural O Centiño e a Asociación Cultural O Castro.

OS SENDEIROS. A asociación Os Sendeiros de Foz organiza para o vindeiro domingo, 17 de xaneiro, a ruta de Alto do Picato, en Trabada, que se desenvolverá a partir das 9.00 horas con saídas dende Foz e Ferreira. O desprazamento farase en coche ata o punto de partida da ruta. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o día 15 nos teléfonos 606.718.482 e 670.369.017 ou a través do correo electrónico ossendeiros@yahoo.es. A ruta é de balde para os socios federados, e custa 3 euros para os socios non federados e 4 para os temporais. A ruta ten unha dificultade media e os organizadores recomendan aos participantes levar equipos de sendeirismo.

Chegou a hora...

... a hora do vermut

ARNAO

VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

CASTILLO SAN DAMIAN

Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo

982 128 900

www.discosta.com

O xeriátrico Betania recibe unha doazón de alimentos

O xeriátrico Betania de Viveiro é unha das entidades que se beneficiou da doazón de alimentos fixo a compañía galega Vegalsa-Eroski coincidindo coa celebración do Día de Reis. A compañía de distribución alimentaria mantén deste xeito as doazóns solidarias que realiza de xeito periódico para axudar aos que mais o precisan. Ademais do xeriátrico viveirense recibiron tamén alimentos a Cociña Económica de varias vilas e cidades da comunidade autónoma.

En total, Vegalsa-Eroski doou neste día de Reis 11.340 kilos de produtos para a elaboración de 4.830 menús que incluían, entre outros, gambón, pescada, lomo de porco, fideos, patacas, cenorias, cebolas, pementos, chícharos ou mazás. Os alimen-

tos doados permitiron elaborar os menús que se serviron ou ben nos comedores sociais ou que se entregaron para levar, atendendo ao protocolo establecido por cada entidade benéfica. Ademais, tendo en conta o momento que estamos a vivir pola covid-19, para efectuar a doazón establecéronse os protocolos de seguridade tanto na preparación como no reparto desta doazón especial, sendo obrigatorio o uso de guantes durante a manipulación dos produtos e as entregas, ademais do uso do xel desinfectante.

Dende 2010 a empresa doou 567 toneladas de produtos para a elaboración destes menús especiais no Día de Reis, Día da Nai, Día do Pai, Día de Galicia e Día de Todos os Santos.

A Xunta comprométese con recoñecer o Camiño do Mar

O Concello de Viveiro obtivo o compromiso por parte de Xunta de axilizar os trámites necesarios para a oficialización do Camiño do Mar.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, María del Carmen Martínez Insua, mantivo unha reunión telemática coa alcaldesa do Concello de Viveiro, María Loureiro, e os concelleiros Jesús Fernández, tenente de alcalde, e María Soledad Rey Yáñez, concelleira de Turismo. Tamén participou Manuel Vicente González, presidente da Asociación Camiño do Mar.

O obxectivo da reunión era coñecer o estado da tramitación e a disposición de levar a cabo a oficialización do Camiño do Mar no próximo ano Xacobeo 2021. Sendo competencia da Xunta de Galicia o referido recoñecemento oficial, dez anos despois



Vista aérea de Viveiro por onde discorre o Camiño do Mar

da súa aprobación polo Parlamento, a directora xeral de Patrimonio Cultural comprometeuse a estudar o caso e a darlle celeridade para a posible oficialización.

Manuel Vicente González, presiden-

te da Asociación Camiño do Mar, enviaralle de novo toda a documentación para axilizar o recoñecemento, que suporá un impulso á comarca, e en particular a sectores como a hostalería e o comercio.

O PP reclama a mellora do pavimento da praza Pastor Díaz

“O estado dos cascos históricos das cidades é un dos mellores espellos da capacidade de xestión dos gobernos municipais. No caso de Viveiro, o estado do pavimento da praza máis relevante, a dedicada a Pastor Díaz, na que se atopa a casa consistorial, di moito do desinterese do equipo presidido por María Loureiro pola imaxe da cidade e tamén pola seguridade dos peóns”. Así o sinala o portavoz popular do PP, Óscar Rodríguez, que anuncia que o seu grupo presentará unha iniciativa no pleno da corporación para a mellora do pavimento da citada praza.

A praza Pastor Díaz está pavimentada en gran parte con laxas de granito, que, debido ao moito tempo que teñen, acusan un notable desgaste e configuran un firme moi irregular. Como consecuencia,

segundo destaca Óscar Rodríguez, son frecuentes os tropezoños e as caídas de peóns. “Polo tanto, está claro que, dende o punto de vista da seguridade, é necesario mellorar o pavimento desta praza, antes de que haxa que facelo porque se produza un accidente con consecuencias graves”.

Rodríguez di que ao longo dos anos avanzouse paulatinamente na substitución ou mellora dos firmes das distintas rúas e prazas do casco histórico, pero, “sorprendentemente, a renovación ou mellora non chegou á de Pastor Díaz, que é unha das máis relevantes de Viveiro e na que está a casa consistorial”.

Os populares destacan que a praza échese de auga cando chove, de maneira que camiñar por ela resulta incomodísimo.

O Concello presenta unha campaña de compostaxe doméstica

O Concello de Viveiro presentou unha innovadora campaña de compostaxe doméstica dirixida á veciñanza e os centros educativos.

O proxecto, que forma parte da iniciativa #ViveiroSustentable, levará composteiros ás casas de Viveiro e formará ás familias interesadas. Apuntarse ao programa é gratuito e tamén chegará a catro centros educativos.

Este proxecto axuda a acadar os Obxetivos de Desenvolvemento Sustentable e o compromiso adquirido polo Concello de Viveiro de redución de CO2 no seu Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable, aprobado o mes pasado polo Pleno Municipal.

A alcaldesa de Viveiro, María Lourei-



ro, está remitindo cartas aos veciños e veciñas para animalos a inscribirse no proxecto de compostaxe doméstica, implicando así á veciñanza na loita contra o cambio climático.

A iniciativa, con financiación europea, conta co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e prolongarase 11 meses. Durante ese tempo mestres

composteiros visitaran as familias para facer un seguimento dos composteiros e dar unha formación continua a cidadanía.

Para participar de forma gratuita no programa é necesario completar un formulario ou enviar un correo electrónico a viveirosustentable@mediagesgm.com. Unha vez inscritas, as familias serán convocadas a xornadas de formación neste mes de decembro e recibirán nas súas casas un composteiro antes da visita do mestre composteiro.

O único requisito para formar parte deste programa é ser veciño/a do Concello, ter un pequeno xardín ou terreo e estar disposto/a e motivado/a para formar parte deste proxecto educativo e formativo.

ESTABLECIMIENTOS
REY
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88
27870 Xove | Lugo
Tel. 982 592 006
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es
online

www.establecimientosrey.es



BUSCA



ELIGE



CORRE

Resurrection Fest 2021 presenta o cartel

Resurrection Fest 2021 publicou o cartel da que vai ser a súa próxima edición, prevista do 2 ao 5 de xuño do ano que vén. Así mesmo, desvelaron o cabeza de cartel da festa de presentación, fixada para o 2 de xuño. Serán os suecos Sabaton, que contará coa maior produción que nunca tiveron en España", segundo os organizadores.

Nas posicións principais do cartel do próximo ano destacan bandas como Deftones, System Of A Down, Korn, Opeth, Bullet For My Valentine, Caliban, Sepultura, Rise Of The Northstar, Hamlet, Jinjer ou Heaven Shall Burn. E, entre as bandas destacadas que estaban previstas en 2020 e que se caeron do cartel atópanse Judas Priest, Amon Amarth, Killswitch Engage ou Meshuggah.

O festival confía en que se celebre a edición de 2021 pero non descarta a posibilidade de que haxa que pospoñer o festival do mesmo xeito que este ano. Nese caso quen queira poderá solicitar a devolución da súa entrada, ou mantela para a seguinte edición.

O CARTEL. Tralos suecos Sabaton, o cartel presentado ten numerosas ofertas como Bullet For My Valentine, que volverán a España tras 5 anos do seu último concerto e pre-

sentarán os seus últimos traballos para todos os seus fans.

Un dos referentes do black metal a nivel mundial e banda de culto, Emperor, tamén estarán por fin en Viveiro, e actuarán no escenario principal. Opeth repetirá no cartel, do mesmo xeito que Heaven Shall Burn, Sepultura ou Jinjer. Como novidade, no Main Stage tamén estará Rise of the Northstar e Spiritbox, e confírmase a Caliban, Bleed From Within e Serrabulho na warm-up. Pechando a programación do escenario principal, estarán de novo a Dagoba, Beyond The Black, Eskimo Callboy, Our Hollow Our Home, e Deadly Apples.

Nos escenarios temáticos participarán grandes artistas que visitarán por primeira vez o festival ou que volverán tras moito tempo. No Ritual Stage contarán con Code Orange, Dark Funeral, Haken, Sylosis, Angelus Apatrida, Vomitory, Naeera, Benighted, Gaerea, ou Dead Label.

No Chaos Stage, escenario de hardcore e punk, gozarán da festa de Reel Big Fish, Madball, Lionheart, Raised Fist, Moscow Death Brigade, Doyle, Employed to Serve, Svalbard, Blowfuse, Free City, e True Mountains, entre outros.

Por último, no Desert, os atronadores Godflesh, o carismático Nergal



co seu proxecto Me And That Man, o post rock de And So I Watch You From Afar, Elder, Planet of Zeus, The Picturebooks, Celeste, O Altar do Holocausto, Adrift, Regarde Les Hommes Tomber e Chris Masuak cos seus Viviero Wave Riders Association tamén estarán.

VENDA DE ENTRADAS. A organización do Resurrection Fest esgotou en poucas horas os últimos abonos que quedaban. Polo momento non haberá venda de máis entradas di-

rias debido a que non se produciron devolucións da edición do 2020. Si poñerán á venda proximamente as entradas do mércores para a warm-up e poder gozar así de Sabaton, Caliban e compañía. Para os censados en Viveiro, máis adiante tamén haberá un lote de entradas á venda. Os organizadores lembran que o Resucamp segue esgotado (non houbo devolucións), pero no Beachcamp e no Glamping aínda hai prazas que se poñerán á venda en próximas sesións.

Novas tarifas da tarxeta transporte para os estudantes

A revisión de prezos feita pola empresa Arriva para este ano mudou as tarifas do sistema de transporte bonificado dirixido a estudantes de Viveiro e subvencionado polo Concello.

Con este sistema, os estudantes poden beneficiarse dunha subvención do 50% do importe en bonos de 30 ou 60 viaxes, tanto de ida como de volta, a Ribadeo, Lugo, A Coruña, Santiago, Foz ou Burela. Os únicos requisitos esixidos son estar empadroados en Viveiro e matriculado nunha titulación universitaria ou ciclo formativo que non se imparta no municipio.

As persoas interesadas en obter estes bonos de transporte teñen que facer un ingreso na conta de Abanca titularidade de Arriva co importe do bonobús que desexen. Logo entregarán no Concello o xustificante do ingreso, unha fotografía e unha fotocopia da matrícula dos estudos que está a cursar.

As tarxetas de transporte teñen que devolverse ao final do curso académico.

Os prezos mudan para os bonos de 30 e de 60 viaxes a Ribadeo, Lugo, A Coruña, Santiago e Burela.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

HR

*Hijos de
Ramón Rubal*

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS
MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

O primeiro premio da Lotería do Neno caeu en Burela

Burela e Guitiriz foron os dous municipios da provincia de Lugo agraciados no Sorteo do Neno. Na localidade mariñá caeu o primeiro premio mentres que para Guitiriz foi parte do terceiro. Ademais, a veciña As Pontes foi tamén un dos núcleos agraciados co primeiro premio, que correspondeu ao 19.570. Está dotado con dous millóns de euros por serie, por tanto 200.000 euros ao décimo.

Ademais de en Burela e As Pontes hai en Galicia agraciados das localidades de Mondariz, O Porriño e Tomiño, estes tres últimos en Pontevedra.

O segundo premio, dotado con 750.000 euros por serie, foi para o número 03436. Entre os puntos que venderon este número atópanse o situado no número 110 da rúa Estrada de Bue de Cangas (Pontevedra).

O terceiro foi moi repartido en Galicia con afortunados en Guitiriz, na provincia de Lugo así como Boiro e Carballo, na Coruña, e Leiro e Muíños, en Ourense.

O Pleno acorda a conxelación das taxas e prezos públicos municipais

O Concello de Burela aprobou, no pleno extraordinario, a modificación das taxas e prezos públicos para 2021. A maioría dos impostos conxélanse e oito sufrirán variacións, que serán positivas para a veciñanza. Desaparecen as taxas por vodas e bautizos civís, e as motos de máis de vinte e cinco anos non pagarán xa que gozarán dunha bonificación do 100%. Ademais o IBI poderá ser abonado en máis de dous prazos por parte das veciñas e dos veciños que así o soliciten. O alcalde, Alfredo Llano, asegurou que os hostaleiros e os vendedores do mercadillo semanal non pagarán tres meses de taxas, nun caso polas terrazas e no outro pola instalación dos seus postos, e máis adiante estudarase unha posible nova bonificación.

O rexedor declarou que “levamos xa cinco anos nos que, de momento, non subimos ningunha taxa, ningún imposto nin ningún prezo público, ao contrario houbo bonificacións durante estes anos e incluso rebaixas nalgún deles. Para o ano 2021 imos

conxelar todos menos oito, que serán os que se van modificar en positivo. Derogamos dous que son para a celebración de vodas civís e bautizos civís e de vehículos de arrastre mecánico. Fixemos outras dúas modificacións, unha delas para as motos de máis de vinte e cinco anos, ás que non se lles vai cobrar nada porque entendemos que quen garda unha moto durante ese tempo é porque a ten ben coidada ou a está exhibindo. Séguese mantendo a bonificación do 50% para o resto dos vehículos”. Alfredo Llano explicou que “fixemos unha modificación no imposto do IBI porque non queremos que se poña unha data específica de cobranza, que era do 5 de xuño ata o 5 de outubro, agora pode ser noutro momento. Ten que decidilo a Deputación, xa que lle temos transferido o cobro deste imposto”.

O alcalde subliñou que “suspendemos outras dúas taxas derivado da pandemia. Estamos en conversas tanto coa hostalería como cos usuarios do mercado, e falando con eles



Alfredo Llano

chegamos á conclusión de procurar beneficios na suspensión do cobro de taxas, por exemplo na hostalería das terrazas e aos usuarios do mercado suspenderlles o cobro durante tres meses a cada un deles. A nosa idea era facelo por un período de seis meses, pero non se pode aplicar no primeiro trimestre por temas de normativa. Xa veremos como vai a pandemia, esperemos que se vaia recuperando a normalidade tanto sanitaria como socioeconómica e no mes de abril veremos como está a

situación e se é necesario ampliáremos a tres meses máis a suspensión destas taxas a estes dous colectivos”. Llano engadiu que “reducimos dúas taxas nun 0’20%, a de sumidoiros e a distribución de auga. Practicamente non tocamos ningunha taxa, salvo nestes casos para que grave moito menos á nosa veciñanza de Burela. Esperemos que todo vaia ben e que para o ano que ven vaíamos recuperando a actividade socioeconómica”.

SAF. Na sesión plenaria tamén aprobaron a licitación do contrato do SAF que saíu nun prezo inicial de 662.317 euros, “queremos o antes posible renovar este contrato que sería para un máximo de dous anos. Esperemos que todo isto saia canto antes para que teñamos un bo servizo de axuda no fogar. Hai que pensar que este ano foi moi necesario este servizo, sobre todo cando estaba moita xente confinada, houbo moito traballo. Solicitamos trinta e cinco mil horas de traballo para o ano que ven, que poden ser ampliadas”.

A Xunta saca a licitación as obras na residencia de maiores

A Xunta publicou a licitación para a contratación das obras que se van realizar na residencia de maiores de Burela e nas que o Goberno galego investirá máis de 190.000 euros. En concreto, esta actuación servirá para a substitución e instalación de carpinterías exteriores e novas ventás nas habitacións das catro plantas do centro.

Este procedemento determina os requisitos técnicos que deberán asumir as empresas interesadas, que teñen que presentar a súa solicitude para facerse cargo da obra antes do 19 de xaneiro. Esta renovación da carpintería e das ventás permitirá mellorar o illamento térmico do centro, o que redundará tamén na súa eficiencia enerxética.



A residencia de maiores de Burela, nunha imaxe de arquivo

Os orzamentos da Xunta para o ano 2021 prevén un investimento de 1,6 millóns de euros para obras en distintos centros de servizos sociais da provincia de Lugo. Entre as actuacións pre-

vistas atópase esta da residencia de maiores de Burela, así como reformas no albergue xuvenil de Area, en Viveiro; obras no albergue LUG 2, en Lugo; ou melloras no centro de menores Santo Anxo de Rábade.

O Concello fai un control da xestión de residuos voluminosos

O Servizo de Medio Ambiente do Concello burelés está a facer un seguimento e control exhaustivo da xestión dos residuos voluminosos -enxeres, mobles, etc -, por parte da cidadanía e está a detectar graves e reiteradas irregularidades, segundo informan no día de hoxe as Concellerías de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

Toñi Eijo, concelleira de Medio Ambiente, subliña que “sen prexuízo das eventuais conclusións que se vaian acadar con estas actuacións de control por parte do referido servizo, nestes últimos meses do ano estase detectando un comportamento grave e reiterado de depósito incontrolado e ilegal de enxeres, mobles e residuos voluminosos domésticos tanto nas vías públicas do municipio, como nos ámbitos máis sensibles desde o punto de vista medio ambiental, como son os montes, os camiños rurais e outras zonas de indubidable valor natural e paisaxístico”. O concelleiro de Obras e Servizos, Ramiro Fernández, lembra novamente que “a recollida de enxeres, mobles e voluminosos domésticos por parte da empresa adjudicataria do servizo municipal de recollida de residuos sólidos urbanos -URBASER, S.A. -, ten lugar de luns a venres, das

8 ás 11:15 horas da mañá, debendo as persoas interesadas en recibir dito servizo de forma adecuada e legal requirir á devandita empresa a prestación do mesmo con anterioridade a que estes sexan depositados na vía pública”.

E reitera que “o Concello dispón dun servizo de punto, tanto fixo como móbil, a través do cal se facilita á veciñanza a posibilidade de realizar o depósito separado de certas fraccións de residuos que non poden ser eliminados co resto de residuos domésticos, tales como aceites minerais, aerosois, baterías, pilas, cartuchos de tinta de impresoras, pinturas, etc”.

Toñi Eijo e Ramiro Fernández insisten en que “a veciñanza simplemente ten que chamar ao número de teléfono 626 763 142, para requirir á empresa responsable a prestación de ditos servizos. E será a empresa a que lles facilitará a información necesaria e o modo adecuado de proceder para unha mellor e máis eficiente xestión dos referidos residuos”. O Concello de Burela advirte non dúbida en sancionar a todas aquelas persoas que a infrinxan cunha multa de 603 ata 2.000.000 euros, segundo se poña ou non en perigo grave a saúde das persoas.

Adxudican as obras do valado no campo anexo á Marosa

Foron adxudicadas as obras da primeira fase de renovación do valado do campo de fútbol de herba artificial, que terán un custe de 38.000 euros e serán realizadas pola empresa local Construcións Cazás.

O responsable de Deportes no Concello de Burela dixo que “estaba en moi mal estado e necesitaba unha reposición. É unha inversión importante, pero non vai quedar aquí. Nunha segunda fase, que esperamos adxudicar nos seguintes días, imos renovar a outra parte do valado, que conta cunha inversión de máis de 50.000 euros e que ten a colaboración da Deputación Provincial de Lugo, á que queremos agradecerlle ese esforzo económico que está facendo co Concello de Burela e particularmente coas instalacións deportivas da Marosa, posto que xa ten feito moita inversión aquí neste ámbito. E o Concello non ten máis que agradecer todo ese esforzo inversor que está facendo a Deputación Provincial nas instalacións da Marosa”.

Ramiro Fernández tamén anunciou que “nos próximos días abrirase xa a licitación da construción ou a renovación da grada do campo de fútbol da Marosa, unha grada que polas



Unha imaxe do campo de herba artificial da Marosa

inclemencias meteorolóxicas necesitaba unha renovación. Quero pensar que na próxima semana xa sacamos a adxudicación desa obra, que conta cunha inversión de máis de 240.000 euros”.

O edil burelés subliñou que “todas estas inversións das que estamos falando, máis as que se teñen feito nestes últimos catro anos, como poden ser os vestiarios do campo de fútbol, a renovación da iluminación do campo de herba artificial, a renovación da iluminación da pista de tenis, a renovación do peche da pista de tenis e a renovación da iluminación da pista de pádel así como

o solo, significan unha aposta moi importante por parte deste equipo de goberno polas instalacións deportivas e particularmente na Marosa. Penso que é de destacar esta inversión histórica nestes últimos catro anos. Nunca houbo ningunha administración que metera tal cantidade de cartos nestas instalacións deportivas e creo que é de agradecer, eu como concelleiro de Deportes, ao alcalde a aposta tan decidida que ten polo deporte, e penso que os clubs deben estar agradecidos, neste caso a Sociedade Deportiva Burela, de que o Concello aposte tan potentemente por estas instalacións”.

O PP denuncia “o total abandono” das instalacións deportivas municipais

“Que as instalacións deportivas municipais estaban totalmente abandonadas por parte do alcalde Llano e do concelleiro de deportes Fernández Rey, era un feito incuestionable, e esta semana quedou demostrado coa desfeita da cuberta da grada accesoria do campo municipal de fútbol da Marosa”, isto é o que afirman dende o PP burelés.

E aclaran, “este feito pasaría por un resultado das inclemencias do tempo, senón fora por que, o estado lamentable destas instalacións, é algo que dende o PP se leva a denunciar

durante meses, tralas reunións feitas no seu día coa directiva do club”.

Os populares fan fincapé en que “a total falta de mantemento das instalacións municipais da Marosa fixo que, aquilo que se puido ter evitado, non se fixera provocando un novo absoluto desastre non só na súa xestión se non o que é peor, puido haber provocado un grave accidente tendo en conta a cantidade de rapaces que adestran no campo”.

“Por certo, nada se sabe aínda da licitación da reparación estrutural da grada principal cando o seu proxecto

xa está aprobado e a súa consignación orzamentaria asignada dende este pasado verán”, indican.

“Isto é un novo suma e sigue para o Llano e para Fernández Rey, que a semana anterior demostraban, no pleno da corporación, a súa total falta de previsión e de traballo no referente ás instalacións deportivas dos centros educativos de Burela, instándose a eles mesmos, mediante unha moción presentada polo propio grupo socialista, a traballaren nesta dirección, algo que roza o ridículo”, conclúen os populares.

A biblioteca entregou os seus premios para as postais

A Biblioteca Pública Municipal de Burela vén de fallar o Certame de Postais de Nadal, cuxos premios serán entregados en vindeiras datas na Sala de Arte da Casa da Cultura. A exposición de todas as postais presentadas ao certame pode visitarse en horario, de luns a venres, de 11 a 13 horas e de 18 a 20 horas, ata o vindeiro 15 de xaneiro.

Os gañadores, desta edición do Certame, repartíronse en catro categorías. Entre os máis pequenos gañou Pedro Cocifña Lestao, de 5 anos. O segundo foi para José M.ª García Fra, tamén de 5 anos, e o

terceiro para Adriana García Kozlik, de só 3 anos. No grupo do primeiro ciclo de primaria gañou Diego Calvo Fernández, seguido de Sergio Corrido Souto e Carlota Eimil Ramos, todos de 7 anos de idade.

Na categoría de 3º e 4º de Primeira a vitoria foi para Natalia Basanta Díaz, de nove anos. Por detrás quedaron Sara Álvarez Fernández, de 8, e Iago Rodríguez Álvarez, tamén de 9 anos. No último grupo venceu Ainara Álvarez Carral, de 10 anos. Tamén levaron premio Amaia Flores Mori e Noa Burgos Pernas, ambas as dúas de 11 anos de idade.



Presentación da campaña contra a covid-19

Éxito da campaña de concienciación veciñal sobre a covid-19

O equipo de goberno do Concello de Burela continúa coas campañas de concienciación sobre o covid-19. Nesta ocasión faino coa colocación de grandes carteis na praza da Mariña e no parque Rosalía de Castro nos que se pode ler a mensaxe *Burela, ti elixes*.

A concelleira de Servizos Sociais, Carmela López, explica que “a campaña fai un chamamento á poboación para que despois dun ano realmente complicado, non caíamos no esquecemento”.

A edil burelesa sinala: “hai que dar

a noraboa polo bo comportamento da inmensa maioría dos nosos veciños e veciñas. Grazas ao sacrificio de todos conseguimos remitir os gromos que por agora levamos sufrido, pero é moi importante que non esquezamos por todo o que pasamos”. Ao estreo da campaña Carmela López xa dixo que “este Nadal non vai e non pode ser como un Nadal máis e hai que telo moi presente. Apelar á responsabilidade individual nestas datas é fundamental para non dar pasos atrás. Temos que coidarnos e coidar dos nosos”.

Descargate la App iHoreca de Carreiras

Disponible para iOS y Android en:

Disponible en Google Play

Disponible en App Store

Distribuciones

Carreiras

PIDE TU CODIGO DE CLIENTE

982 58 20 00

O PREGUNTA A TU COMERCIAL DE ZONA

Ugía, A Pedreira, volve á canción

A artista nacida en Vilaronte retoma a súa carreira musical, faino por primeira vez en solitario e representando os seus poemas

Por Claudia López

Son moitos os substantivos que se lle poden adxudicar á mariñá Ugía Pedreira. Psicóloga de carreira, artista de sentimento e profesión, activista cultural e, por suposto, non cabe esquecer a categoría de nai. Nai de Lúa e nai de tantas e tantas creacións que transforman as figuras tradicionais da arte, como ela mesma di, “para construír algo xenuíno na música”. A cantautora criada en Vilaronte (Foz), séntese unha “apaixonada do patrimonio material e inmaterial da Mariña”, pero dóelle do mesmo xeito “a destrución do seu solo e das súas xoias arquitectónicas”. Asegura que, dende cativa nesa aldea lucense, sentía que lle facía ben cantar e facelo sobre o que escribía: “construí a miña propia escena musical, soña, na parte detrás da casa patrucial, entre soños, e dáballes forma e saída aos pensamentos a través da arte escénica que tamén é a música”. Tanto lle acompañou ese sentimento, que agora ten editados 11 discos con diferentes agrupacións e percorreu o mundo cos seus sons e obras. Para ela, cada disco “vai sendo un espello do que vivo”.

CARREIRA MUSICAL. O grupo Marful cobra un peso especial na súa traxectoria. Xunto con Marcos Teira, Pedro e Pablo Pascual lanzan o seu primeiro álbum en 2010, unha creación “con gran carga poética e musical que pode ter estela duradeira”. De feito, unha das súas cancións, *Tris-Tras*, foi representada por outra galega, Sabela Ramil, nun programa de tirada nacional. Un feito que para Pedreira é “unha honra”. “Cantar en galego, catalán ou éuscaro na tele que pagamos todos e todas é insólito. Causar molestia inda que sexa a mínima, é case un acto revolucionario na horda da libre expresión dos medios de comunicación”, engade a compositora.

Coa banda Chouteira, a mariñá lanzouse á música tradicional “con letras conscientes” e, con Nordesinas, puxo en valor as cancións populares da súa infancia. A súa conexión con Cuba fíxolle investigar sobre a música galega do lugar. Colaborou co Instituto de Artes de La Habana creando unha obra enunciada en libro, CD, DVD e espectáculo: *Descarga ao Vivo*. Da súa estancia no país sudamericano tamén naceu a xira de *Acrobata* con Fred Martins, Dentro da súa traxectoria artística tamén destacan colaboracións en diversas bandas sonoras e con grupos nacionais e internacionais, ademais de representar variadas performances encima dos escenarios. Pero, dentro todo isto, ela di que se queda “coas persoas que me atopei no camiño, as que me quedan preto e así é preciso, para facer relucir a miña función. Gústame axudar nisto e gústame que me axuden nisto, é o lugar seguro e feliz de crecemento”.

ACENTRAL FOLQUE. A iniciativa de Ugía non quedaba relegada só ao traballo nos teatros e nas salas de concertos, a lucense emprendeu no ano 2000 a creación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque (CMTF) en Lalín. Tal e como di, “o proxecto tiña como eixo fundamental a construción dun mundo mellor a través da música galega”. Por cuestións políticas o CMTF mudou no ano 2008 para Santiago de Compostela, converténdose en aCentral Folque. Unha experiencia que á Pedreira lle supuxo que “a política entrase de cheo na miña vida consciente. Comprendín a relevancia da cultura na política e metín as mans na masa, completamente”. Dende a creación do centro en Lalín e despois en Santiago de Compostela, chegou alumnado de Galicia, Asturias e Portugal, e expertos de diferentes universidades do mundo. Ugía abriu así “espazos escénicos anteriormente non empregados coma tal, novos

carreiros e visións para empuxar e orixinar cambios no oficio de músico, sobre todo pensando na educación de novas canteiras”.

MATERNIDADE. A cantautora fixo unha parada no seu camiño sobre a escena cando deu a luz a súa filla Lúa. A chegada da nena, con parálise cerebral e microcefalia severa, supuxo que a súa vida cambiase de xeito radical. “Como é que te acompañe a parálise cerebral? Traballar, discurrir, explorar, errar, confiar e conseguir un máster en paciencia. A tódalas horas. E ter xente arredor que comprenda e apuxe. Manter a saúde éche a cuestión. Floto no misterio do labirinto e durmo na alerta. Con sorte ir vivindo, morrendo e aprendendo”, conta así Pedreira a súa experiencia e fai tamén queixa do respaldo do Estado ante estas situacións: “Economicamente é riseiro e unha vergonza o apoio social. Recursos que protexan en si-

“Floto no misterio do labirinto e durmo na alerta. Con sorte ir vivindo, morrendo e aprendendo”

tuacións de risco non están resoltos nin contemplados con seriedade”. Tras o seu parón a artista mariñá volveu aos teatros en 2018, co espectáculo *Enredadas: coplas e alalá*. Na obra compartía camerino con artistas do nivel de Martirio, Carmen París e Uxía. Unha vivencia que a lucense recorda de xeito moi agradecido: “amei compartir con outras mulleres cantoras, foi unha re-entrada no escenario cariñosa, abrazada, onde puiden volver saborear as pintadas de antes e despois dunha actuación”.

A súa experiencia con Lúa tamén



A Pedreira, nunha das súas últimas actuacións, captada por Xavier Belho

a levou a abrir a Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento, un proxecto que comparte con Marina Oural, dende o cal traballan na “arte como saúde dende a diversidade funcional e artística”. A oficina axuda a proxectos doutros profesionais tanto na posta en escena como na composición, creando temas de comunidade e apostando pola coreografía social como canle para o ben común. Tamén se manteñen ao pe do canon coas súas propias creacións e recentemente impulsaron a Rede Aldear de fogares rurais de Lugo e Ourense.

ÚLTIMOS PROXECTOS. Agora, retoma a súa carreira musical e faino por primeira vez en solitario baixo o nome de *A Pedreira*. Tras rematar o seu “relato de cancións e poemas para mostrar”, Ugía elixiu darlle forma cun grande equipo para levar esas verbas ao teatro: “Pierre colaborando comigo na música, Xavier Belho na plástica en pantalla, Marina Oural na escénica, Alberto Casas nas luces e Xurxo Pinheiro no son”. “O espectáculo navega entre o típico concerto, a performance, o recital poético ou o teatro musical”, ex-

plica a cantautora sobre este novo proxecto no que reflexiona sobre o significado da escritura. “A fórmula matemática é escrita, a harmonía da música, os petróglifos, a nota no pentagrama, mesmo o movemento é escritura, como me dicía a miña socia Marina Oural ou Bartolomé Fernando”, conclúe.

Ademais desta nova iniciativa, Ugía Pedreira desvela outro novo proxecto: “estes meses de inverno estreo a Casa de Producción Sonora Estudio, para gravar o meu primeiro disco vinculeiro que produce o bretón Pierre-Yves Rougier”.

Malia a difícil situación que está a vivir o sector cultural por causa da pandemia pola covid-19, Pedreira séntese unha afortunada: “no meu caso, dende fai sete anos, non tiven nunca tanto traballo, sete concertos en dous meses, érame impensable un ano atrás”.

Para ela, “a cultura, como a agricultura, leva o santo e sinal da incerteza”, pero para a recuperación do sector é clave “gañar na cooperación real, facer da cooperación un propósito verídico. A competencia xa non é válida, é tóxica, fan falta máis demostracións?”.

Ortegal Oil

ARRANCA EL AÑO DE LA MANO DE ORTEGAL OIL

ESTACIONES DE SERVICIO 100% **ORTEGAL**

¡HACEMOS FELIZ A TU COCHE Y A TU BOLSILLO...Y AHORA TAMBIÉN, A TU **VALOR**

ESTACIONES CON SERVICIO 24H
 ESTACIONES ATENDIDAS
 TAMBÉN
 MEDIDAS DE LIMPIEZA Y SEGURIDAD

www.ortegaloil.es Ortegaloil 881 93 18 56

Ortegal Oil

VALE POR 1 FICHA PARA LAVADO

A Xunta licita a atención de visitantes na praia das Catedrais

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de licitar o servizo de atención aos visitantes do Monumento Natural da Praia das Catedrais por un importe de case 230.000 euros para os vindeiros anos.

Tal e como se recolle no prego de licitación, o período de execución deste servizo será entre a Semana Santa e o período estival (23 de xuño ao 30 de setembro), así como outros períodos de tempo nos que, sen estar limitado o acceso ao monumento natural, se prevé un aumento do número de visitas, como as pontes ou festivais.

O servizo implica a contratación de persoal, para achegar información ás persoas visitantes sobre a normativa de uso público do monumento natural máis salientable: prohibición de ir por fóra dos camiños e sendeiros, miradoiros e áreas de descanso, recolección de especies de fauna e flora, tirar cabichas e lixo fóra dos lugares habilitados para tal fin, realizar escalada ou similares... Así mesmo informárase dos importes das sancións e dos



Unha imaxe da praia das Catedrais

riscos que pode ter a visita.

Outro dos cometidos será a observación e seguimento do comportamento dos visitantes ao monumento natural, así como a realización de visitas guiadas polo monumento natural explicando os procesos xeolóxicos que motivaron a formación do monumento natural, a súa evolución, así como os hábitats e especies existentes no espazo natural e as súas presións e ameazas.

Estas tarefas realizaranse principalmente nos períodos de limitación

de acceso, Semana Santa e meses de verán, así como nos períodos que fóra dos de limitación se prevé un incremento de visitantes.

En base a este contrato, búscase acadar un uso público ordenado da praia das Catedrais, xunto coa divulgación dos seus valores naturais, así como dar a coñecer os principais riscos e ameazas para o seu mantemento e as medidas de conservación establecidas no plan de conservación do monumento natural.

Remata a mellora da estrada de Vilaselán



Un momento dos traballos realizados pola Deputación Provincial

Finalizaron os traballos de mellora na estrada LU-P-5202, de Ribadeo por Vilaselán a Alto dos Pinos (N-634), na zona da Lodeira, que financia a Deputación cun investimento de 47.000 euros. Concretamente, as obras consistiron no acondicionamento da vía con aglomerado en quente e a dotación de beirarrúas. Só restaría o repintado da sinalización horizontal e vertical. Ditas obras fixéronse entre os puntos quilométricos 0 e 0,406.

O presidente, José Tomé Roca, responsable de Xestión Territorial, explicou que estas obras son moi importantes, pois permitirán aos veciños e veciñas de Vilaselán poder ir andando con total seguridade ao centro de Ribadeo. Ao mesmo tempo, as melloras beneficiarán aos centos de usuarios que empregan a vía, pois trátase da estrada que comunica coa rotonda que dá acceso á autovía que une Galicia con Asturias.

Con esta actuación na rede viaria provincial, a máis extensa de España, a Deputación segue traballando nun dos seus principais obxectivos, como

é a mellora da mobilidade, necesaria para aumentar a calidade de vida dos veciños e veciñas, e favorecer a igualdade de oportunidades e o equilibrio territorial. De feito, a día de hoxe, a institución ten en marcha obras de mellora de estradas por toda a provincia por un importe que supera os 3 millóns de euros.

PARQUE. O Concello de Ribadeo realiza obras de mellora no parque infantil do Xardín. Vanse prolongar ata mediados deste mes. Crearase unha zona máis ampla de xogos, que inclúe unha pista multideporte, ademais de novo acolchado e novo peche. O investimento ascende a 50.000 euros. Os traballos consistirán en ampliar esa zona de xogos, dotala con varios xogos máis con proteccións, acolchado e peche perimetral.

Jorge Díaz explicou que “era un lugar que carecía de máis amplitude para os nenos e nenas desa zona. A obra estará rematada aproximadamente a mediados de xaneiro de 2021. O investimento é de algo máis de 50.000 euros”.

Daniel Vega atribúe á súa xestión a mellora realizada na escola infantil

A voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Ribadeo, Daniel Vega, adiantou que as negociacións coa Xunta de Galicia permitiron o acondicionamento global da escola infantil, que dispón de 99 prazos e 68 nenos.

En total, o Goberno galego destinou a este proxecto preto de 45.000 euros cos que se levou a cabo a mellora do alumeado e da cociña; o pintado da propia escola; garantir a seguridade coa instalación de cámaras de videovixilancia; adquisición de material para o funcionamento diario do centro e para a detección de incendios; actuacións de carpinteiría e do sistema de calefacción. Ademais, e a petición da propia dirección do centro, no marco deste proxecto, e debido á nova normalidade que deixa a covid-19, contratouse a unha

camareira-limpiadora.

“Seguimos traballando para traer novos investimentos ao noso pobo. Actuar nesta escola era prioritario e necesario. Agora tanto os profesionais como os propios nenos dispoñen dunhas instalacións axeitadas. Foi unha actuación que non é menor, xa que, ademais de redundar no beneficio da comunidade educativa, permitiu dar resposta á nova situación creada polo coronavirus e crear emprego”, conclúe Vega.

LIMPEZA. O Grupo Municipal do Partido Popular de Ribadeo súmase ás queixas de veciños e comerciantes sobre a situación de insalubridade que presenta a rúa Ramón González que se atopa chea de excrementos das pombas. É por iso que a vicevoceira, Elena Sierra, lle pide ao go-

berno local do BNG “que se poña mans á obra” e que “non se demore máis no reforzo na limpeza” das rúas da localidade.

A vicevoceira comprobou persoalmente a situación da rúa e, polo tanto, entende o descontento dos veciños e comerciantes desta transitada rúa onde se ubican comercios, unha farmacia e que, ademais, dá paso directo á praza de abastos.

Sierra explica a existencia dun edificio abandonado nesa rúa que presenta moi mal estado e que, ademais, pode servir de acubillo ás pombas. Por iso, urxe ao goberno local do BNG a tomar algunha medida ao respecto.

Dende o Grupo Municipal do PP fan tamén un chamamento aos propietarios dos cans para que recollan os seus excrementos.

Supermercado CLAUDIO
“OS PELAMIOS”
BO NADAL
SEMPRE Ó TEU CARÓN
Rúa da Fonte, 44. 27740 Mondoñedo (Lugo) Tel.: 982 507 317

MC AUTOMOTIVE
CONCESIONARIO MULTIMARCA
SERVIZO DE IMPORTACIÓN DE VEÍCULOS Á CARTA
XA EN FOZ
CON NOVAS INSTALACIÓNS
RÚA CERVANTES 41, FOZ. TFNO.: 625 445 320 / 619 917 194
instagrami@mcautomotive / facebook MC Automotive

O Goberno local licita o servizo de limpeza

O Concello sacou a licitación o servizo de limpeza en dependencias municipais. O contrato terá unha duración de tres anos con posible prórroga dun máis e o custe anual será de 215.000 euros (ive incluído). As empresas dispoñen ata o 4 de xaneiro para presentar as súas ofertas.

O alcalde, Fernando Suárez, contou que “estamos nestes días coa licitación do servizo de limpeza en dependencias municipais, dado que venceu o prazo do contrato anterior. Agora temos que licitalo de novo e nesta nova licitación temos tamén que adaptármolos á nova lexislación de contratos, que é máis rigorosa nos aspectos sociais e laborais, polo que vai supoñer un incremento do custo con respecto ao que víñamos pagando”. O rexedor explicou que “en total son trece dependencias de maneira ordinaria, nas que vai ser necesario aplicar os tratamentos e as frecuencias que determi-

namos nos pregos de cláusulas técnicas, e entre elas están o Concello, o colexio Gregorio Sanz, o auditorio, a Casa do Mar, o albergue, a Casa do Viejo Panchito, as oficinas de turismo, os campos de fútbol no que ten que ver cos vestiarios e cos aseos, os pavillóns polideportivos e o ascensor panorámico”.

Suárez Barcia engadiu que “determinados neste contrato unha duración de tres anos, coa posibilidade dunha prórroga dun ano, baixo o modelo do contrato de servizos, que é o modelo técnico que escollemos”.

Engade que “o importe anual, con iver incluído, é de 215.707 euros, o máximo que podemos pagar. De aí que, segundo os criterios técnicos que establecemos nos pregos, as empresas interesadas para facer as ofertas teñen toda a información na plataforma de contratos do Estado e tamén na páxina web do Concello”.

44 parcelas serán repoboadas con árbores frondosas

Rematou o 4 de decembro o prazo de solicitude de axudas para repoboar con frondosas as faixas de protección de vivendas e núcleos de poboación fronte aos incendios forestais. Foron 23 as peticións realizadas para a repoboación de 44 parcelas, que supoñen máis de 13 hectáreas de redes secundarias de faixas de xestión de biomasa marcadas polo Plan de Incendios do Concello de Ribadeo.

Na primeira campaña realizada, no ano 2019, foron entregadas árbores autóctonas por valor de 6.500 euros, e agora, nesta edición, ampliaron a axuda aos 8.800 euros.

Trátase dun total de 23 beneficiarios, que o solicitaron e que cumprían as bases, e 44 parcelas a repoboar que supoñen máis de 13 hectáreas de redes secundarias de faixas de xestión de biomasa que están marcadas polo Plan de Incendios.

Agora estase a contactar cos beneficiarios desta axuda para coñecer a tipoloxía e a cantidade de árbores que desexan recibir, sempre cumprindo cos requisitos que establece a normativa para este tipo de plantacións (lei de montes, lei de incendios, etc.) E posteriormente, unha vez elaborado o listado definitivo coas árbores a entregar, o Concello de Ribadeo as encargará a un viveiro da zona para logo fixar un día no que facer entrega das mesmas”.

Recuperarán o miradoiro de aves sobre a ría do Eo

O Concello iniciou a recuperación ambiental do miradoiro de aves sobre a ría, que está situado en Reme na parroquia de Ove. O alcalde, Fernando Suárez, indicou que ten case 20 anos e que se foi deteriorando co paso do tempo. O investimento ascende a 24.200 euros.

A actuación consiste no desmonte do actual observatorio e do monólito situado ao seu carón, para posteriormente situar un novo observatorio, aberto á estrada nacional N-642 co fin de tentar evitar os danos vandálicos que presenta o equipamento actual. Por outra banda, eliminaranse 3 pés de eucalipto co fin de mellorar a observación da Ría dende este miradoiro, ademais de eliminar os lixos e vertidos difusos que se encontran polo entorno. Por último, instalaranse elementos de control tanto para os vehículos como para as persoas, para limitar o espazo que podan chegar a ocupar, ademais dun panel informativo



Estado no que se atopa o miradoiro na actualidade

acerca das normas de comportamento que se deben gardar neste espazo.

A actual infraestrutura fóra executada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, pero sobre terreo de titularidade privada, “polo que nun primeiro momento tivemos que levar a cabo unha labor de investigación co fin de dar cos actuais propietarios, os

cales, finalmente nos cederon os terreos ao Concello, algo indispensable para poder executar estes traballos”, di o alcalde.

O presuposto dos traballos a realizar é de 24.200 euros, dos que nos subvencionan 20.000, en dúas anualidades. A axuda é da Rede Natura, da dirección xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio ambiente.



Presentación do libro en Ribadeo

Un libro lembrará a historia do grupo de gaiterías Saudade

Comezará en breve a edición dun libro documental de Saudade, o primeiro grupo de gaiterías de Galicia, de España e posiblemente de Europa, nado en Ribadeo en 1961. A vila acolleu a presentación deste ambicioso e interesante proxecto cultural, da man da que será a súa principal impulsora, a comunicadora audiovisual María Acuña, filla dunha das integrantes. Esta nova iniciativa cultural e histórica comezará en breve a súa preparación, grazas ao respaldo da Xunta de Galicia, que colabora a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Os promotores do proxecto chamaron a atención sobre “a importancia que tivo este colectivo nunha época de efervescencia social e política, e en concreto para a reivindicación do papel das

mulleres no ámbito da música”.

No transcurso da presentación a escritora María Acuña destacou que “o que pretendemos con este proxecto é recuperar e poñer en valor a historia deste colectivo, e para iso tanto no libro como no documental audiovisual tomarán parte as mulleres que formaron parte del para achegar a historia do grupo Saudade con testemuñas de primeira man. De feito, serán parte moi activa do proxecto”.

Será, en definitiva, un traballo exhaustivo e amplo, no que participarán persoas da época que poderán explicar que supuxo para a sociedade ribadense e, en certo modo, para a galega este grupo pioneiro, integrado unicamente por mulleres, así como os movementos que foron emerxendo nese momento.

Acisa Ribadeo xestionou máis de 100.000 euros en axudas

Acisa Ribadeo realizou balance da súa actividade durante 2020 na que salienta máis de trinta campañas, moitas postas en marcha tras a chegada da pandemia do covid-19. A asociación pechará este ano con 170 socios, que recibiron material gratuito por mor da pandemia. Acisa xestionou máis de 100.000 euros en axudas recibidas das diferentes administracións.

O presidente de Acisa, Francisco Iriarte, declarou que “no contexto no que vivimos, a asociación intentou manter o seu normal funcionamento, tratando así de estar á altura das difíciles circunstancias actuais. Nestes meses probablemente temos cometido erros, pero sempre traballamos coa mellor intención, querendo ser útiles e ofrecer o mellor servizo”. O xerente da asociación, Jesús Pérez, detallou a realización de máis de 30 campañas, en especial a de entrega de materiais de protección ante a covid gratuítos; tamén se crearon as marcas Villa Marinera de Rinlo e Barrio Marinero de Porcillán, “que esperemos poidamos utilizar este próximo ano para fomentar a imaxe turística e gastronómica de ambos lugares”.

Pérez Prada valorou especialmente a dixitalización e a modernización dos



Material repartido aos socios

socios, coa posta en marcha da app e a plataforma de venda online Ribadeo cerca de ti; así como a firma de convenios de colaboración que melloran os servizos dos socios.

Acisa pechou o ano con 170 socios, 19 altas no que vai de ano e 8 baixas das que sete foron por peche. “Económicamente deixamos de ingresar uns 20.000 euros por mor da pandemia, e tivemos que aumentar moito máis do previsto o noso gasto para dar a cobertura aos socios. Puidemos facer fronte a estas actuacións grazas ás axudas das administracións, así recibimos subvencións da Xunta de Galicia uns 80.000 euros (65.000 que xestionamos nós e 15.000 de tramitación directa por parte da administración galega), do Concello de Ribadeo 24.000 euros e da Deputación 6.000 euros”, conclúe.

“Non podíamos actuar en vivo, pero si continuar coa iniciativa”

Cherry, organizador do Rock Solidario, fala de como crearon o seu CD

Ribadeo leva contando dende fai ao redor de dez anos coa solidariedade das bandas da vila. Os artistas reúnen anualmente para actuar en directo e así recadar fondos para a xente que máis o necesita. No 2020 a iniciativa do Rock Solidario tivo que adaptarse á situación sanitaria e, ante a imposibilidade de actuar en vivo como no resto das edicións, decidiron unirse para sacar un CD recopilatorio. O disco xa está á venda por 10 euros e os fondos que se recollan doaranse integramente aos Servizos Sociais do concello.

O principal organizador dos actos, Cherry Guelin, conta a súa experiencia co Rock Solidario durante estes anos e explica como foi a posta en marcha da publicación do CD *En Ribadeo Cada un Soa ó Seu*.

Como xurdiu a iniciativa do Rock Solidario?

Naceu no ano 2010, xuntámonos os grupos de Ribadeo para facer unha especie de festival no Minibar —un local onde se facían concertos en directo— co fin de recoller fondos para a xente de Haití trala desgracia do terremoto. Vimos que se nos xuntábamos podíamos facer cousas boas, despois orientámonos máis cara ao pobo, un ano recollemos xoguetes, vales de compra para familias desfavorecidas, etc. Dende aquelas fixemos iniciativas case cada ano. No 2019 actuamos no parque de San Francisco e recollemos fondos para Darío, un neno que ten unha enfermidade dexenerativa e tíñase que operar. Conseguimos máis de 1.300 euros.

Este ano vistesvos obrigados a

cambiar o formato. Como se vos ocorre a idea de facer un CD?

Coa situación sanitaria actual non podíamos actuar en directo, pero queríamos continuar coa nosa iniciativa. Como hai moitos grupos e moita música en Ribadeo e as bandas xa teñen pistas gravadas, pensamos que era unha boa ocasión para facer un CD recopilatorio. Así crearíamos unha mostra da música local dos derradeiros 20 anos que ademais poderíamos vender para colectar cartos.

A quen irán dirixidos eses cartos?

Neste caso, os beneficios irán integramente destinados aos Servizos Sociais de Ribadeo. Creemos que é unha maneira moi directa de chegar á xente que o necesita de verdade. Os Servizos Sociais teñen unha listaxe das familias do concello máis desfavorecidas e así nos aseguramos de que os cartos vaian directamente para eles.

Como foi o proceso de gravar o CD?

Contactamos cos grupos que tiñan cancións xa gravadas, foi unha mágoa porque houbo xente que tivo que quedarse fóra debido ás calidades das gravacións ou porque xa non había espazo no CD. Recollemos as pistas e algunhas remasterizáronse para que todo o disco tivera un bo son.

Que atopará a xente no *En Ribadeo Cada un Soa ó Seu*?

O disco vai orientado principalmente ao rock, é o xénero do que máis grupos saíron en Ribadeo dende o 2000, e os que participaron sempre nas iniciativas do Rock Solidario. Sen embargo, tamén hai

bandas de rap, blues e música máis acústica. Das 18 cancións que ten o CD, hai temas inéditos de xente que nunca antes editara un disco, ademais de novas versións. Incluímos o tema que fixemos algúns artistas ribadenses durante a corentena, o de *Héroes en Zapatillas*. É unha mestura que fixemos no confinamento, gravamos cada un dende a súa casa e despois montámolo e o compartimos en redes sociais para animar á xente neses duros momentos. Tamén hai cancións de músicos que xa non están en activo, pero que forman parte da historia musical de Ribadeo. Penso que o CD é unha boa maneira de deixar constancia da nosa historia e de animar ás xeracións que veñen a que continúen co legado.

“O disco está á venda dende o 31 de decembro, ten un prezo de 10 euros e o recadado irá para Servizos Sociais”

O disco xa está á venda. Onde pode atoparse?

Saíu o pasado 31 de decembro, ten un custe de 10 euros que se doa integramente aos Servizos Sociais. Nós mesmos tamén compramos o CD. Pódese atopar na tenda de música Vírgula, no bar Cienfuegos, en Gráficas Santiago e en O Bosque Animado. Estará á venda ata que se esgoten as existencias, o ideal sería que se esgotaran o máis cedo posi-



Imaxe do Rock Solidario 2019 no que recadaron uns 1.300 euros para Darío

ble para que a xente non se esqueza desta iniciativa. Polo momento a xente esta respondendo moi ben.

Por que optastes polo formato tradicional e non por publicar as cancións nalguna plataforma en liña?

É certo que agora o CD estase quedando obsoleto, pero é mais polo que representa, por ter un recordo físico da música ribadense. Ademais, queríamos recadar o máximo posible para axudar aos Servizos Sociais e subíndoo ás plataformas sería inviable sacar beneficios para a iniciativa. Cando se rematen as existencias do disco posiblemente o subiremos á rede para que a xente poida gozar del nese outro formato.

Cando se poda, continuaredes facendo o Rock Solidario en directo ou pode haber un segundo CD?

A idea principal dos actos solidarios sempre foi actuar en directo, ofrecerlle algo á xente, que nos de algo a cambio e nós facer algo bo para os demais. A intención é recuperar a iniciativa solidaria con actuacións en directo, os grupos teñen moitas gañas de volver tocar e o público de poder sentir a música. Aínda así eu espero que, quizais dentro doutros

20 anos, haxa suficientes grupos en Ribadeo para volver sacar outro CD recopilatorio.

Mais aló do Rock Solidario, como está afectando a pandemia aos grupos ribadenses?

En Ribadeo xa antes da covid19 tivemos unha mala época, os locais onde se podían facer concertos foron pechando. O Minibar era o escenario por excelencia dos grupos que viñan a tocar aquí e pechou. Ultimamente soamente se podían facer acústicos no Cienfuegos ou tocar na rúa, como viñamos facendo coas anteriores iniciativas do Rock Solidario. Nese sentido aos grupos ribadenses non lles afectou tanto, pero si tendo en conta que agora nin sequera se pode saír fora da vila para tocar. Moita xente tivo que facer unha parada importante, eu estou no grupo Beetle Judge, rematamos de gravar e empezou a pandemia. Tiñamos pensado presentar o disco pero non puidemos. Estamos esperando a que todo isto remate para facer unha presentación en condicións. Gustaríanos tamén que alguén se animara a abrir un local no que se poidan facer directos, fai falla para mover a música na nosa vila.

Xa hai gañadores do concurso de decoración de Nadal

Siñeiro Hogar, na categoría de empresas, e Diana Nana Quintana Villamil, na de domicilios particulares, gañaron o concurso Ilumina o Nadal convocado por Acisa.

Diana Nana Quintana recibiu 271 votos no facebook e Siñeiro Hogar 112. Cada unha das premiadas recibirá 200 euros en vales de compra para gastar nos establecementos asociados a Acisa Ribadeo.

En total foron 18 os participantes no Ilumina o Nadal, 8 na categoría de domicilios particulares e 10 no de empresas, e mais de 1.000 os votos emitidos nesta convocatoria que recibiu miles de visitas.

Concurso de cartas de amor

Galería Terra Branca, de Ribadeo, convoca a sétima edición do seu concurso de Cartas de Amor. O prazo de entrega finaliza o 14 de febreiro.

As obras presentadas deben ser orixinais, en prosa ou poesía, e escritas en galego ou castelán, cunha extensión máxima dun folio por unha cara. Os participantes poden enviar as súas cartas por correo postal ou electrónico, con todos os seus datos persoais, ou entregalas directamente en Terra Branca, Avenida de Galicia, 8 - 27.700 Ribadeo. A dirección de correo electrónico é galeriaterrabran-

ca@gmail.com e os números de teléfono son 982 128 171 ou 698 452 124.

O premio consta dunha magnífica figura de cerámica galega, relacionada co tema do amor e os sentimentos, e un vídeo clip personalizado da carta gañadora, realizado por Terra Branca Audiovisuais especialmente para esta ocasión.

Como cada ano, convídase a participar a calquera autor que queira expresar os seus sentimentos a través dun escrito, no que fale do seu amor á súa parella, á súa familia, ás súas paixóns, á vida ou á súa terra.

Lorena Maradona psicólogos

- PSICOLOGÍA
- SEXOLOGÍA
- NEUROPSICOLOGÍA
- PSICONUTRICIÓN
- REFUERZO PSICOEDUCATIVO

“Nuestro único objetivo es estar al lado de los que sufren”

CONSULTAS PRESENCIALES, ONLINE Y A DOMICILIO

Rúa Reinante, 27 Ribadeo - Contacto: 604 086 408
www.maradonapsicologos.es

barreiros

O equipo de Goberno rebaixa a débeda pendente en 700.000 euros

Tal e como avanzou a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, o Goberno local conseguiu rebaixar a débeda pendente en 700.000 euros no ano e medio que levan ao fronte do Concello.

Segundo indica, a contención do gasto durante este tempo é a responsable deste resultado, xa que do millón de euros pendente ao principio, procedente de facturas impagadas, agora só queda pendente o pago de 290.000 euros, 150.000 corresponden ao ano pasado e o resto ao 2019.

Segundo indicou a alcaldesa, para poder chegar a estas cifras fíxose un control do gasto moi intenso “sempre con responsabilidade pero sen deixar de atender os servizos fundamentais para a cidadanía, utilizando o sentido común e racionalizando”.

Os concelleiros do Partido Popular local doan as dietas dos plenos a Cáritas

Os concelleiros do PP de Barreiros, Alfonso, María del Mar, Daniel, Lorenzo e José Manuel, fixeron entrega a Cáritas parroquial de San Miguel de Reinante dun donativo de 1.000 euros que se corresponde co importe das dietas por asistencia aos plenos do Concello “para que sexan empregados en atender necesidades de todos os veciños de Barreiros”.

O Concello reforza o Servizo e Axuda no Fogar de acordo coa Deputación

Aprobouse un convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Barreiros para reforzar o Servizo de Axuda no Fogar do municipio. Concretamente, cos 20.000 euros que inviste a institución provincial o Concello adquirirá novo equipamento para este servizo, como material ortoprotésico, que na súa maioría será utilizado polos usuarios e usuarias; e material ofimático, co fin de axilizar a prestación do servizo pois o actual atópase obsoleto atrasando a atención ao público.

Kms Barreiros recada máis de 1.300 euros

O Concello de Barreiros vén de facer pública a recadación obtida coas inscricións das persoas que participaron no evento virtual máis Kms Barreiros. Con un total de 292 persoas anotadas, a recadación ascendeu a 1.356 euros que, tal e como se tiña anunciado, pasarán a formar parte do orzamento municipal para atender situacións de emerxencia social no concello barreirense.

A alcaldesa, Ana Ermida, amosa o seu agradecemento “a todas as persoas que solidaria, voluntaria e anonimamente contribuíron para que as máis de medio cento de persoas que agora mesmo reciben axuda por parte dos servizos sociais municipais poidan contar con maior orzamento para atender as necesidades vitais básicas.”

A mandataria municipal explica que “a idea inicial xurdiu do convencemento de que contamos con veciñanza solidaria e disposta a aportar o seu gran de area sen agardar nada a cambio para contribuir a unha sociedade máis xusta e igualitaria” e, nese sentido, remarca “a labor de xustiza social que debe desenvolverse desde as administracións públicas, aplicando criterios obxectivos na redistribución da riqueza.”

bución da riqueza.”

O Concello de Barreiros triplicou no orzamento do ano 2020 a partida de emerxencia social, con respecto ao orzamento do 2019, consignando 9.000 euros para este fin, triplicándose tamén os pagos realizados nese concepto durante o 2020 con respecto ao ano anterior.

Actualmente os servizos sociais municipais atenden a preto dunha trintena de familias que agrupan a máis de medio cento de persoas, téndose producido un lixeiro incremento de solicitudes no segundo semestre do ano.

Ana Ermida quixo manifestar “o firme compromiso do goberno municipal na atención ás persoas e no acompañamento das familias que poidan precisar de asistencia social, lembrando que as administracións estamos para facilitarlle a vida á xente e garantir a cobertura das necesidades vitais básicas en condicións de igualdade e con criterios xustos e obxectivos.”

Neste sentido, reiterou o agradecemento ás case trescentas persoas que non só fixeron do máis kms Barreiros un evento deportivo de éxito, senón tamén unha mostra da verdadeira solidariedade colectiva entre persoas.



Presentación do novo camión de recollida de lixo

O servizo de recollida de lixo conta cun novo camión

O xerente da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo (Servizos dos Concellos Galegos) xunto co persoal do mesmo, desprazáronse ata Barreiros para presentar ao Goberno municipal o novo vehículo, “que aporta maior seguridade ao persoal do servizo, así como sistemas de redución de emisións que contribúen a paliar o cambio climático”.

A alcaldesa, Ana Ermida, trasladou o agradecemento á empresa “por ter en conta as necesidades do servizo de recollida de lixo e substituír o anterior vehículo que operaba con máis de 30.000 horas de traballo, o que en ocasións ocasionaba avarías que podían afectar ao servizo.”

O vehículo conta con recolector compactador de 16 metros cúbicos, elevador de remonte automático,

botoneiras a ambos lados, estribeiros con control de presenza, limitador a 30km/h con persoal en estribeira, cámara de visión traseira e alumeados en LED.

Desde o goberno municipal valoran moi positivamente a inclusión de novos sistemas de seguridade, como a inhibición da marcha atrás se o persoal está na estribeira ou o sistema de parada automática se detecta persoas no momento da carga do colector, que redundan en mellores condicións para o persoal dun servizo fundamental.

A alcaldesa quixo tamén recoñecer o traballo do persoal da empresa concesionaria nun servizo complexo pola carga de traballo, especialmente en determinadas épocas do ano, e pola súa implicación na resolución dos incidentes que poida haber..



Estado no que quedou o acceso á praia tralo alud

Un alud de terra inutiliza o acceso á praia de San Bartolo

Segundo as primeiras investigacións, as fortes choivas destes días foron as causantes do desprendemento que se produciu no acceso á praia de San Bartolo, no Concello de Barreiros, sobre cuxa escalinata caeu parte do muro xunto ao paseo marítimo aínda que este non se viu afectado.

Foron terra e algunhas pedras os que se precipitaron sobre as escaleiras de acceso, polo que a pri-

meira medida foi o valado da zona para evitar accidentes.

Polo de pronto, este desprendemento, que non causou vítimas, súmase a outros derrubes anteriores. O Concello, pola súa banda, que notificou o suceso aos responsables de Costas, esperará o seu informe para valorar a situación aínda que non se prevén máis problemas de avalanchas e que o paseo non corre perigo.

O Concello manda retirar os vehículos abandonados na vía

O Concello de Barreiros vén de publicar un anuncio no BOE no que insta aos propietarios de vehículos abandonados á súa retirada.

O Concello require aos propietarios ou a quen poida ter algún dereito sobre os mesmos, que proceda a contactar co Concello de Barreiros para levar a cabo a retirada do vehículo do lugar onde se atopa abandonado, advertíndolle que de non facelo así se procederá ao seu tratamento como residuo sólido urbano e seguirase o procedemento legalmente es-

tablecido para a súa retirada.

No anuncio publicado no BOE e divulgado na web municipal figura unha autocaravana Ford, un Citroën Xantia Turbo, un Toyota Corolla, un Peugeot 306 e un Seat Ibiza.

Require por tanto aos propietarios ou a quen poida ter algún dereito sobre cinco vehículos abandonados para que contacten co Concello para retiralos do lugar no que están. Se estes non cumpren en 15 días, trasladaranse os vehículos a unha empresa de despezamento.

CALENDARIO. O Concello de Barreiros vén de publicar o seu calendario anual que está a disposición dos veciños nas oficinas municipais. Este ano está dedicado ao 25 aniversario dos tradicionais Xigantes e Cabeceiros, polo que estes serán os protagonistas do almanaque, que conta cunha ampla gama de imaxes do entroido en Barreiros.



O Concello contará no 2021 con preto de 8 millóns de presuposto

O Concello de Xove contará o próximo ano cun orzamento de 7.935.000 euros, contos que se reducen en 1,5 millóns, debido a que non cuantifican os ingresos que lle corresponderían polo paso das liñas de alta tensión que levan enerxía á planta de Aluminio, de 1,3 millóns.

Como explica o alcalde, Demetrio Salgueiro, “seguimos incluíndo a contía que abona a multinacional en concepto de IAE, xa que a continuidade de fábrica non está ameazada no 2021”.

De novo Xove é un dos primeiros concellos da comarca en ter listo o orzamento do 2021. Segundo explica o rexedor, estes case que oito millóns de euros permitirán seguir financiando a entidades e clubs, ademais de apoiar a parte social, con subvencións de axuda ao estudo e ao emprego local, “que é tan fundamental nestes momentos” e ao que se destinan 541.000 euros.

O orzamento mantén as contías



Demetrio Salgueiro

en gastos de persoal e correntes e tamén o apartado de investimentos debido á relaxación das medidas fiscais, polo que se inclúe unha partida de 257.000 euros para investimentos reais, que permitirá acometer diversas obras. Salgueiro conta con poder facer a mellora da rede viaria municipal, incluíndo accesos e pe-

quenas obras de urbanización en diversas parroquias, ademais de reforzar a rede de abastecemento de augas, co fin de eliminar a turbidez que causan as choivas torrenciais.

Entre os outros proxectos de investimento do Concello para o próximo exercicio está o cambio de ascensor para a mellora da accesibilidade no consistorio e o sistema de calefacción neste mesmo edificio. Con estas medidas producirase un aforro enerxético e de mellora ambiental á que se sumará a renovación da iluminación exterior en todo o termo municipal, coa colocación de luces led nas parroquias que faltan, tamén previstas este ano. Este último terá unha axuda do Idae de fondos europeos de 224.000 euros, para un orzamento total de 262.000.

O presuposto aprobouse cos votos a favor dos sete concelleiros do PP, xa que os catro edís do BNG abstivéronse.

Entregan no Ceip o libro elaborado polos alumnos



Entrega do libro por parte do equipo do Goberno no colexio

A Delegación Municipal de Igualdade do Concello de Xove organizou, en colaboración co Ceip Plurilingüe Pedro Caselles Rollán, un proxecto socioeducativo consistente na elaboración do conto *O bote das bolboretas*, realizado polos nenos e nenas de 5º de Primaria, sobre a igualdade e a prevención da violencia de xénero. Trátase dun traballo financiado con fondos do Pacto de Esta-

do contra a violencia de xénero a través da Secretaría Xeral da Igualdade da xunta de Galicia.

O alcalde Demetrio Salgueiro e a concelleira de Igualdade, Ana Abad, fixeron entrega dos exemplares do libro para o alumnado de Infantil e Primaria e para o profesorado do Ceip Pedro Caselles Rollán. Con posterioridade, tamén deixaron algúns exemplares no IES Illa de Sarón.

Analizan o desenvolvemento do sector forestal na localidade

O director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Ignacio Lema, acompañado do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou en Xove a empresa Forestal Díaz Casariego, que foi unha das beneficiarias da orde de axudas convocada pola Vicepresidencia económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para favorecer a renovación tecnolóxica na primeira transformación.

Tal e como explicou o director de Xera, esta liña ten como obxectivo promover investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais no sector da transformación e comercialización. Trátase dun dos sectores estratéxicos para o desenvolvemento económico do medio rural e para a consolidación e diversificación do seu tecido empresarial. Actúa, ademais, como un elemento que contribúe a fixar poboación nestes concellos.

As empresas da industria forestal de Lugo recibiron, este ano, ao redor de 5,5 millóns de euros en apoios da Xunta que permitirán desen-



Traballos vinculados ao sector forestal en Xove

volver 91 proxectos e 40 accións formativas e mobilizar un total de 17,1 millóns de euros. En concreto, son 59 axudas para favorecer a renovación tecnolóxica da primeira transformación, 24 para fomentar o uso da madeira na construción, na rehabilitación e na produción e deseño de envases e oito para a segunda transformación.

O compromiso da Xunta coa industria forestal reforzase o vindeiro ano cun aumento do orzamento de Xera, que alcanzará os 22,5 millóns de euros, e que per-

mitirá continuar cos programas para o fomento da construción en madeira pero tamén impulsar novas liñas de axudas para favorecer os procesos de dixitalización e trazabilidade da madeira certificada.

O Concello repinta o exterior das igrexas de Xove e Monte

O Concello procedeu ao repintado das igrexas de Xove e Monte. “En xeral, todas as infraestruturas, sexan estradas, portos, edificios de todo tipo, etc.. necesitan dun mantemento para poder servir con dignidade a función para que foron creadas. Se isto é certo para as infraestruturas normais, para os edificios antigos inda é unha verdade máis perentoria”, explica o alcalde, Demetrio Salgado.

As igrexas parroquiais de Xove e Monte tiñan as paredes exteriores bastante deterioradas, con moitas fallas de pintura, desconchados, etc., o que propiciaba a filtración de humidades cara o interior. Dende o Concello, e en colaboración coas Asociacións de Veciños de Xove e Monte, impulsouse o

arranxo das paredes exteriores de ambas as dúas igrexas, traballos que foron realizados pola empresa Pinturas Moncho de Sumoas-Xove.

FINANCIAMENTO. O investimento nestas obras, financiadas integramente polo Concello, foi duns 16.500 euros, dos cales 4.500 corresponden á igrexa de Monte e 12.000 á de Xove. Estas actuacións van permitir unha mellor presenza exterior e unha mellor conservación interior das dúas igrexas, evitando as humidades que tanto dano fan as estruturas interiores como os distintos elementos (esculturas, retablos,...) que as ornan. “En definitiva, medidas que axudan a conservar o patrimonio histórico-artístico xovense”, do o alcalde.

CURSO 2020/2021
Contáctanos hoy para
reservar tu plaza para el
nuevo curso
...where English is fun!

SCAN ME

982 103 377
605 738 247

www.docklandsacademy.es

riotorto

O Concello reparte composteiros entre os veciños de balde

O Concello de Riotorto inicia o reparto de composteiros no marco do programa Xuntos pola compostaxe que financian a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional co fin de reducir a fracción orgánica dos residuos.

As persoas interesadas en recibir nos seus domicilios estes composteiros, de 400 litros de capacidade, poden anotarse nas oficinas municipais ou no teléfono 982 346 222 ata o vindeiro 23 de xaneiro, facilitando os seus datos persoais. Para participar pídese como único requisito dispor dun espazo de horta ou xardín de 50 metros cadrados e comprometerse a facer un uso responsable do composteiro.

Os Concellos de Riotorto, Meira, Pol, Ribeira de Piñón e A Pontenova forman parte tamén deste programa ambiental, pensado para a participación de preto de 1.000 veciños, que ademais de recibir de xeito totalmente gratuíto os correspondentes medios materiais para a elaboración de compost recibirán formación na materia e asesoramento continuado durante o proceso.

O Plan Básico Municipal conclúe o trámite ambiental

O Plan Básico Municipal do Concello de Riotorto avanza na súa redacción, tras concluír o trámite ambiental correspondente. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería a resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico deste plan e na que se conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Cómpre lembrar que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano substantivo e promotor, enviou a documentación relativa ao PBM a mediados do mes de outubro, momento no que se iniciou a tramitación ambiental.

Tras sometelos a un período de consultas –por un prazo de dous meses– e tendo en conta os informes recibidos e a análise da documentación presentada, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (DXCASC) considera que non provocan efectos ambientais significativos, xa que concretan ordenanzas, non proxe-



tan novos desenvolvementos residenciais nin industriais, e tampouco recollen novas infraestruturas.

Por este motivo, a DXCASC descartou sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e vén de emitir os informes correspondentes, finalizando con eles o trámite ambiental. En todo caso, o órgano ambiental sinala na súa resolución que se deberán ter en conta as determinacións indicadas.

As indicacións recollidas en ambos informes serán tidas en conta polo equipo redactor para preparar os documentos que se someterán a Aprobación Inicial (AI), un trámite que previsiblemente se producirá no primeiro trimestre do vindeiro ano. O Plan Básico Municipal é unha ferramenta impulsada pola Consellería de Medio Ambiente, pensada para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con planeamento xeral.

REPARTO DE AXUDAS

O equipo de Goberno, nos últimos días do 2020 e principios do 2021 repartiu entre os distintos colectivos as axudas entregadas durante o ano e nas distintas convocatorias.

ASOCIACIÓNS. Así, mantivo xuntanzas cos responsables das diferentes asociacións de Cervo para entregar as axudas nominativas reservadas para contribuír cos gastos de funcionamento destas entidades. Destínanse algo máis de 70.000 euros do orzamento municipal para colaborar con estas asociacións.

ESTUDANTES. Tamén entregaron as axudas para transporte ao alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do Concello. Nesta ocasión foron 31 os estudantes que recibiron un cheque de 150 ou 250 euros, en función da renda familiar. Tamén repartiu as axudas para os escolares de educación infantil noutra quenda.

ANPAS E CENTROS EDUCATIVOS. Tamén recibiron as súas achegas os equipos directivos das anpas dos centros educativos do municipio, o Ceip Península da Paz, o Ceip de Cervo e o IES Marqués de Sargadelos, así como os propios directores dos centros educativos. Os primeiros recibiron 1.250 euros cada un.

o vicedo

Melloran e amplían o alumado da zona do porto

A Consellería do Mar vén de rematar as obras de mellora da iluminación do porto do Vicedo, que supuxeron a introdución de máis puntos de luz e de tecnoloxía LED, un modelo que incrementa o rendemento lumínico e a eficiencia no gasto enerxético.

A Consellería investiu preto de 20.000 euros no proxecto para dar resposta á solicitude formulada tanto pola Confraría de pescadores como polos propios usuarios do porto. As obras, executadas a través de Portos de Galicia, consistiron na ampliación dos puntos de luz instalando na explanada da entrada catro báculos de 9 metros de altura para instalación de luminarias LED.

Ralizáronse traballos de ampliación dos proxectores de 300 vatios LED nas torretas de 20 metros situadas na dársena, e tamén se renovaron as luminarias na fachada dos departamentos, substituíndo os puntos de luz de cada porta por proxectores de 50 vatios. Así mesmo, foi preciso ampliar a rede de abastecemento eléctrico e incorporar unha canle composta por unha tubaxe ríxida dende a conexión do concello.

Conclúe o obradoiro Terras do Sor

A Xunta de Galicia entregou os diplomas ás 20 persoas alumnas-traballadoras que participaron durante o último ano no obradoiro de emprego Terras do Sor III, impulsado polo Concello do Vicedo agrupado con Ourol e Muras.

A Consellería de Emprego e Igualdade destinou 460.300 euros a financiar este taller, que ampliou a súa duración algo máis de tres meses como consecuencia da pandemia. O delegado territorial da Administración autonómica, Javier Arias, asistiu á clausura xunto cos alcaldes dos tres municipios asociados –entre outras persoas–, e apuntou que os participantes “finalizan esta etapa con máis oportunidades de atopar un emprego ou de iniciar algún proxecto propio, xa que se formaron en campos que teñen demanda no mercado laboral e poden acreditar esa preparación cun certificado oficial válido en toda España”.

As dúas especialidades impartidas foron atención sociosanitaria a domicilio e traballos de carpintería de moble. Algunhas das obras proxectadas no Vicedo foron unha caseta para información e turismo, marque-



Momento da entrega de diplomas aos participantes no obradoiro

siñas, carteis indicativos de topónimos e bancos de madeira. En Ourol actuaron no centro social de Bravos; acometeron o valado do parque infantil e fixeron mobiliario urbano. Pola súa banda, a programación en Muras incluíu melloras no centro cívico e a execución de dúas pasarelas para rutas peonís. Ademais, o alumnado do módulo de atención socio-sanitaria desenvolveu as súas tarefas na residencia de maiores Betania de Viveiro.

Arias anunciou que está previsto que comece a cuarta edición desta iniciativa laboral, promovida polos mesmos concellos e financiada pola

Xunta con 356.000 euros, incluídos os incentivos á contratación de seis participantes en empresas da zona por un mínimo de tres meses cando remate o tempo de formación.

No novo obradoiro dual formaranse outras 20 persoas desempregadas nas mesmas especialidades que no actual –no módulo de atención sociosanitaria, neste caso é en institución sociais–. “Ademais de apostar pola formación, os talleres realizan actuacións de interese xeral para os concellos, polo que esta nova edición servirá para dar continuidade a proxectos iniciados e para realizar outros novos”, concluíu Arias.

ourol

Ourol agasalla aos seus veciños cun calendario



Calendario de Ourol deste ano

O Concello de Ourol agasalla aos seus veciños cun calendario para este ano 2021. Así, o almanaque xa se pode recoller nas dependencias municipais.

As imaxes do calendario son fotos das distintas parroquias do Concello e algún acontecemento, como veladas de teatros, fotos das escolas, merendas ou procensión.

É totalmente gratuíto para todos os veciños do Concello.

O polígono de Cuíña acollerá a nova planta de biorresiduos da Xunta

A Xunta de Galicia ten en licitación a redacción do proxecto básico para a construción da nova planta de compostaxe no Concello de Cervo. Así o anunciou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, que aproveitou a súa visita ao polígono de Cuíña, onde se localizará a futura planta, para anunciar o inicio do procedemento, coa súa licitación por uns 140.000 euros. Os terreos que albergarán a nova planta -que dará servizo a 15 concellos do arco cantábrico galego- suman unha superficie de case 8.000 metros cadrados, dos cales 3.500 se disporán para a nave pechada que implica esta instalación. Tal e como explicou a conselleira, decidir e fixar o lugar no que se ubicará a terceira planta en Galicia dedicada ao tratamento e xestión dos chamados biorresiduos domésticos, logo da posta en marcha o ano pasado da de Cerceda, no propio complexo medioambiental de Sogama, e de anunciar a licitación da segunda, no Concello de Vilanova de Arousa. A planta de Cervo dará servizo a 15 concellos -principalmente á práctica

totalidade dos concellos da comarca da Mariña lucense, xunto co Concello de Mañón, na comarca de Ortegal- e beneficiará a máis de 70.000 habitantes; polo que os beneficios da posta en marcha percibiranse no municipio de Cervo e tamén nas vilas que se sitúan nun radio de 45-50 quilómetros de distancia. Neste sentido, a previsión é que a planta dea emprego na zona a entre 8 e 10 persoas. En canto á capacidade da planta, a conselleira indicou que poderá tratar ata 3.000 toneladas ao ano de fracción orgánica de residuos domésticos e outras 1.600 Tn de podas e restos de madeira. Con este material, explicou que o obxectivo é acadar unha produción de 1.500 Tn anuais de compost de alta calidade, que se destinará ao sector da agricultura como abono natural e sostible en substitución dos fertilizantes artificiais.

A planta abranguerá a totalidade do proceso da compostaxe dos residuos recibidos, comprendendo todas as fases (pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento) así como os correspondentes tratamen-



Presentación en Cervo da nova planta de biorresiduos da Xunta

tos de aire e de augas. O tratamento levarase a cabo en naves pechadas, facendo uso en todo momento das últimas tecnoloxías de procesado, control de cheiros e ruído, e a operativa industrial da instalación alimentaráse con enerxía renovable (a través de paneis solares, fundamentalmente). En total, o investimento previsto pola Consellería ascenderá a 5,5 millóns de euros e está previsto construír

outra plantas no sur de Ourense, co fin de poder ofrecer o mesmo servizo en todas as provincias e cubrir a totalidade da Comunidade galega. A conselleira incidiu en que nos orzamentos do seu departamento para 2021 resérvase unha partida de 31,4 millóns de euros para seguir avanzando cara a un modelo moderno e eficaz na xestión dos residuos que sitúe a Galicia á vangarda de Europa nesta materia.

A antiga nave de Sargadelos acollerá un taller de forxa



Visita ás instalacións da antiga nave de Fundición de Sargadelos

O Concello de Cervo destina o edificio da antiga nave de Fundición de Sargadelos a un espazo comercial de divulgación e conservación da tradición galega. A edificación, que data do século XVII e que foi recentemente rehabilitada pola Administración local en colaboración coa Xunta de Galicia, foille cedida en uso en réxime de arrendamento ao artesán Telmo Cao, para poñer en funcionamento un taller de forxa artística “nun espazo que pola súa natureza e historia é idóneo para o desenvolvemento desta actividade”. As condicións do aluguer desta

nave son similares ás dos 6 locais habilitados – máis un alpendre- no Edificio das Antigas Cabalerizas que saíron estes últimos anos a concurso público e cuxo prezo de explotación é simbólico ao estar bonificado ao 90% polo Concello de Cervo, xa que, tal e como precisa o rexedor, Alfonso Villares, “desde que pensamos en rehabilitar estes dous bens patrimoniais –tanto a nave de fundición como o edificio das antigas cabalerizas- tivemos moi claro que poderíamos con elo darlle un pulo importante a Sargadelos favorecendo a instalación de diferentes actividades”.

Rematan as melloras das pistas de pádel



Imaxe de arquivo do inicio das obras da pista de pádel

O Concello de Cervo rematou os traballos de mellora das dúas pistas municipais de pádel situadas no Complexo Deportivo da Veiga. O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, e o edil de Deportes, David Rodríguez, explicaron que as obras “consistiron en cubrir a pista que carecía de protección; e en pechar as dúas lateralmente a partir dunha altura de 2,45 metros, co que cremos que as condicións de xogo mellorarán, podendo utilizar as pistas sexa cal sexa a situación meteorolóxica; algo que ata o de

agora tiña as súas limitacións”.

A obra contou cun orzamento total de 60.000 euros, dos cales o 65% está aportado pola Xunta de Galicia, a cargo da subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Unha vez rematadas as obras quedou aberto xa o prazo para reservar as pistas e adaptadas para a práctica dunha actividade deportiva que día a día gaña adeptos.

Instalan contedores para a poda

O Concello comezou a instalar máis dunha decena de colectores de cor negro para a xestión dos restos vexetais e de poda xerados pola veciñanza, que se situarán en lugares estratéxicos en cada parroquia e que a Administración local se encargará de recoller con carácter periódico. Tal e como explican o rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, estamos na data do ano propicia para desenvolver estas tarefas nas nosas fincas “polo que queremos facilitarles tamén á veciñanza estes traballos cos que se xera habitualmente gran cantidade de restos vexetais”.

Subvención para a Asociación de Axuda ó Enfermo Mental

A Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña acaba de recibir unha subvención para desenvolver o Programa Velando pola miña saúde integral II. Este programa está a ser cofinanciado, a través da Consellería de Emprego e Igualdade, pola Secretaría Xeral da Igualdade para a realización de programas dirixidos á promoción da igualdade e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

O obxectivo polo que se está a traballar é prestar apoio ás usuarias da Unidade Residencial e da Vivenda Tutelada para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental.

Reanudouse este mes o Sanci Tapeando

Este mes de xaneiro regresa Sanci Tapeando coa degustación de diferentes receitas culinarias en 7 locais hostaleiros de San Ciprián.

As propostas gastronómicas pódense atopar nos sete locais protagonistas: Café bar O Faro, Mesón A Bodega, cervexería O encontro, Café Bar Maruxaina, pizzería O Trasgo, Cervexería Las Titas e Terraza O Noso Lar, que presentan unha nova proposta todos os xoves.

Á iniciativa están adheridos estes sete locais, que empezaron con esta edición o día 7 e que seguirán o 14, 21 e 28 de xaneiro a partir das 19:30 horas unha tapa diferente, elaborada, a un prezo de 2 euros. Os clientes terán a posibilidade de participar nun sorteo de tres vales, de 250 euros, de 150 euros e de 100 euros, para gastar nos locais participantes; que se celebrará cada dous meses.

lourenzá

Augas de Galicia
inicia traballos de
limpeza en tres ríos

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de iniciar traballos de conservación e mantemento nos treitos interurbanos dos ríos Batán, Baos e Recemil, no municipio de Lourenzá.

As tarefas desenvolveranse nun total de 9,2 quilómetros e consistirán principalmente na retirada de árbores e pólas caídas na canle, así como na limpeza de madeira morta e atoamentos.

En seccións puntuais dos ríos tamén se procederá ao apeo de árbores inclinadas e poda de pólas que presenten risco de caída. Do mesmo xeito, faranse rozas selectivas en partes ocultas pola maleza.

As actuacións realizaranse nun treito de 3 quilómetros do río Baos, nas parroquias de San Tomé e San Xurxo; en 5,8 quilómetros do río Batán, nas mesmas parroquias e tamén en Lourenzá; e en 400 metros do río Recemil, no lugar de Recemil (Lourenzá). Está previsto que os traballos se prolonguen ata o día 18 de febreiro.

Con este tipo de intervencións, Augas de Galicia traballa na mellora dos leitos fluviais para acadar condicións naturais do ecosistema que favorezan os aspectos medioambientais e de uso social na contorna dos ríos.

Patrimonio Laurentino critica as
obras da cuberta do mosteiro


A Diocese de Mondoñedo anunciou que comezou a traballar nunha intervención no mosteiro de San Salvador, en Vilanova de Lourenzá, polo deterioro da súa cuberta.

Para esta reparación, destinan 126.223,07 euros, e farase nos corpos norte de ambos claustros e no leste do claustro do Salvador, en total uns 1.450 metros cadrados.

Os traballos consisten en desmontar o ordenado da cuberta, conservando a estrutura de madeira existente; a reposición de todos os elementos danados no muro con nivelación, e a reposición de cachotería derruída nas súas cabezas onde sexa necesario.

Polo momento procedeuse a cubrición con chapa metálica, de cor similar á lousa, coa única finalidade de evitar as filtracións de auga e alixeirar o peso da cuberta sobre os muros xa que é unha intervención que terá carácter provisional.

CRÍTICA. A asociación cultural Patrimonio Laurentino mostrou nun comunicado a súa crítica ante as obras que se están a desenvolver nas cubertas do mosteiro de San Salvador, en Lourenzá, a cargo do bispado de Mondoñedo-Ferrol. A agrupación acusa un importante “impacto visual” das actuacións deste monumento, declarado Ben



Unha imaxe das obras da cuberta

de Interese Cultural en 1974.

Aseguran na asociación que “a colocación dunha chapa metálica gris nunha superficie de 1.450 metros non garda ningún parecido co tellado de lousa da igrexa ou do resto dos edificios, e está a supor a retirada cando menos dunha boa parte da estrutura de madeira existente”, o que choca cos criterios de “mínima intervención” e “preferencia polas técnicas e materiais tradicionais” que deben cumprir as actuacións nos BIC.

Patrimonio Laurentino considera que o orzamento desta actuación, de algo máis de 126.000 euros, “é escésivo para unha actuación temporal”, salientando que “as actuacións de emerxencia deben limitarse aos labores estritamente

te necesarios”. Así, reclama unha intervención definitiva, que poña solución “ao estado de deterioro actual do inmovible e a estas solucións tan distantes dos valores orixinais do conxunto monumental”.

A asociación tamén ofrece colaboración á Xunta de Galicia para “preservar os valores artísticos do conxunto monumental, traballar para que se realice unha rehabilitación respectuosa e definitiva, a fin de que se leve adiante unha actuación de tipo integral e o mosteiro se destine a usos de interese social, e que non se siga no camiño de obras para parchear e instalacións cerradas”.

Para este propósito, o colectivo tamén reitera unha oferta de colaboración ao Concello.

O BNG ve
irregularidades na
venta do antigo
Hospital de Cabanela

O BNG mindoniense vén de presentar unha moción no Concello na que insta ao goberno municipal a que anule tódolos actos e acordos adoptados relativos ao expediente de venda por pública subasta do antigo Hospital de Cabanela debido a incumprimentos legais no procedemento.

O portavoz do BNG no concello, Eloi Cabanas, apunta que o prego de cláusulas administrativas que rexe a venda do edificio, establece un prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte ó da data da última publicación do anuncio da licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia, para que os licitadores presenten oferta no rexistro xeral do concello.

Segundo apunta o BNG o goberno só anunciou a licitación da venda do inmovible na plataforma de contratación do sector público e a pesar do incumprimento da publicación nalgún dos diarios oficiais indicados no prego, a mesa de contratación reuniuse igualmente dous días despois ao marcado no perfil do contratante sen previo aviso e en acto non público para a apertura dos sobres da única oferta presentada.

Eloi Cabanas advirte tamén que a aprobación do expediente de alleamento do inmovible pola Xunta de Goberno Local foi realizado sen o previo e preceptivo informe da comisión informativa correspondente.

vegadeo

Xa hai gañadores do
concurso de contos
Conceyo da Veiga

O xurado do I Concurso de contos do Conceyo da Veiga decidiu conceder o primeiro premio na categoría de adultos a Laura Pérez González, pola súa obra *Amanda*, presentada co alcume *Binteiro*. O xurado concedeu unha mención especial a Natalia Riego Arredondas por *El legado dos contos*, presentado como Vagamundos.

Na categoría escolar de Secundaria o premio foi para Deva Maseda Guerrero, pola obra *Podo vaixar nel tempo*. En Primaria o premio foi compartido entre Noa Fernández Regodeseves por *Un rato cultiva queixo* e Alba Acevedo Gayol, por *El caballo ruin*. Tamén houbo mención especial para Olaia Nogales Buson, por *A gata que nun tía amigos*.



NOVA WEBCAM. O Concello de Vegadeo estrenou unha nova webcam que está situada na casa da cultura da localidade e que ofrece unha visión global do centro neuráxico da localidade, concretamente da zona da Alameda. O obxectivo desta webcam é que todo o que o desexe poda ver en tempo real o que está a suceder. A webcam pode consultarse na web www.webcam-sdeasturias.com

A vila celebra o bicentenario
cun libro do cronista oficial

Luis Casteleiro Oliveros vén de presentar o seu libro *Dous séculos, historias mil*, no que repasa os momentos máis importantes da historia de Vegadeo.

A través de 450 páxinas e máis de 250 fotografías realízase un percorrido polos 200 anos de vida de Vegadeo como concello independente. Este mes de decembro celebrouse o bicentenario da súa separación de Castropol.

En 1823 fúndase a fábrica de coiro, ata onde chegaban barcos para deixar mercadoría. Estivo en funcionamento ata mediados do pasado século.

O cambio máis importante de Vegadeo ocorreu a mediados do século XIX, cando comezou a súa

expansión. Melloran as comunicacións con Galicia, coa construción en 1863 da ponte de Porto. Precisamente unha foto deste paso é a máis antiga que se conserva.

O concello celebrou este bicentenario co libro *Dous séculos, historias mil*, realizado por Luís Casteleiro, o cronista oficial. Nel hai decenas de segredos de historias. O libro, que xa está nas librerías repartíuse tamén entre os centros educativos de Vegadeo a modo de agasallo de Reis, unha vez volveron ao colexio tralas festas de Nadal. Cada libro conta cunha dedicatoria especial do autor.

Tamén nestas datas presentouse oficialmente a publicación no Concello.

Veciños e oposición critican o proxecto de reforma da praza da Catedral

Veciños do concello de Mondoñedo veñen de abrir un proceso de recollida de firmas virtual en contra das obras de reforma da praza da Catedral de Mondoñedo, que foi dado a coñecer estes días polo Concello.

As críticas verquidas polos veciños mistúranse coas dos partidos da oposición, PSOE en BNG. De feito, os nacionalistas presentaron unha serie de alegacións e suxestións ao proxecto de reforma. Para o BNG a praza da Catedral é o lugar máis emblemático da cidade e a súa posible remodelación debe efectuarse tras unha profunda reflexión, “sen precipitacións provocadas por oportunismos circunstanciais e con solucións que non sexan exclusivamente obras”.

Ao BNG este debate pareceríalle moi interesante “se o fin fose buscar a mellor solución sobre o modelo de mobilidade que queremos ter no futuro nas rúas do casco pero mentres non haxa un consenso maioritario ao redor do proxecto, non lles parece prioritario andar movendo 2,5 metros o muro norte onde está a balaustrada ou 2 metros a escalinata do cantón grande”. Así que para os

nacionalistas, a conformación actual da praza debería manterse polo momento co mesmo aspecto que ten na actualidade.

O BNG entende que para estudar a necesidade de reforma da praza e antes de encargar o proxecto fora moito mellor realizar reunións previas coa veciñanza pero o certo foi que non se estableceu así nun principio, “agora temos un proxecto co visto bo de Patrimonio, a financiación do Estado para cometer as obras de remodelación da praza e o concello, apurado polos prazos legais para executar as obras, dando un tempo de dez días para formular alegacións e suxestións as actuacións previstas”. O BNG apunta que en novembro do 2019 defendeu unha moción para que antes da aprobación definitiva se puxera a exposición pública o proxecto e que se concretaran as modificacións necesarias da circulación do tráfico polas rúas adxacentes á praza así como o novo enclave da parada de taxis unha vez prohibida a entrada de coches á praza da Catedral. “O grupo de Goberno emendou a proposta propoñendo tamén a creación dunha mesa de traballo na



Unha imaxe da praza da Catedral mindoniense

que se puideran achegar propostas e traducilas ao proxecto. Non se cumpriu o acordo plenario e máis de un ano despois da súa celebración aínda non temos unha solución clara e definitiva derriba da mesa de como vai quedar a praza”.

Segundo o BNG, o Concello só presenta obras de reforma e renuncia a propoñer un plan de xestión da mobilidade e accesibilidade no entorno que dea solución a todo o tráfico rodado que conflúe na praza.

ALEGACIÓNS. Entre as alegacións mostran o seu acordo coa peonalización pero cren necesaria unha

planificación mellor. Tamén levan a debate a parada de taxis, a balaustrada do muro norte ou a ampliación do Cantón Grande.

Ademais propoñen outras intervencións menores ou complementarias como son a limpeza e restauración do canal de desaugue que conduce a auga dos cantóns, a substitución da canalización de saneamento na rúa Pardo de Cela, a eliminación dos contedores soterrados, restauración dos farois dos soportais e a colocación doutros novos, colocación de focos incrustados no pavimento da praza próximos á fachada da catedral ou a renovación do pavimento.

Unha comisión elixirá o Cunqueiriano de Honra

O Concello de Mondoñedo vén de acordar a constitución dunha comisión permanente que será a encargada de designar cada ano o Cunqueiriano de Honra.

Formarán parte desta comisión o alcalde da cidade, Manuel Ángel Otero Legide (en calidade de presidente), o concelleiro de Cultura da mesma, Alberto García Fernández (ou as persoas nas que estes deleguen), ambos os dous en representación do Concello de Mondoñedo, entidade promotora; o fillo do escritor, César Cunqueiro; o coordinador de Actividades e Publicacións da Casa-Museo Álvaro Cunqueiro, Armando Requeixo (en calidade de secretario); o xornalista e cunqueirólogo, Miguel Somovilla; o técnico de Actividades Culturais e Turísticas do Concello de Mondoñedo, Abel Vigo García e mais o cunqueiriano ou cunqueiriana de honra do ano precedente, nesta ocasión Víctor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega.

A xuntanza de deliberación terá lugar ao longo deste mes de xaneiro. O resultado da mesma comunicárase ao distinguido ou distinguida e farase público aos medios de comunicación. O acto de entrega levarase a cabo o 28 de febreiro.

Comesaña confirma que o centro de saúde terá fisioterapia

A Xunta anunciou que finalmente o centro de saúde de Mondoñedo contará cun espazo para albergar os servizos de fisioterapia. Segundo lle trasladou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, a Elena Candia, a Xunta xa adxudicou o contrato do proxecto de obra para a implantación dunha sala de fisioterapia neste centro de saúde.

A obra consistirá na instalación dunha sala de exercicios con tres boxes de tratamentos para electroterapia, microondas e ondas de choque, e o resto da sala para a localización de dúas padiolas de tratamentos, dous ergonómetros, unha mesa de mans, unhas espalderas de 1 metro, paralelas, escaleira con rampla e resto de material, así como dous aseos adaptados con vestiario con 6 cabinas cada un. Ao non dispoñerse de consulta para a fisioterapeuta dispoñeráse no ximnasio dun posto administrativo con conexión á rede.

A empresa adxudicataria do contrato deberá entregar en xaneiro o proxecto e, unha vez supervisado polo Sergas, poderá licitarse a obra, cun orzamento estimado duns 50.000 euros.

A subdelegada do Goberno fai balance das actuacións

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, deu conta de que o Goberno inviste máis de 1,2 millóns de euros en diversas actuacións que se desenvolven en Mondoñedo. A subdelegada desprazouse esta mañá a Mondoñedo para efectuar unha visita a algunhas das intervencións que contan con investimentos do Goberno de Pedro Sánchez. Na visita estivo acompañada polo alcalde, Manuel Otero, e por membros da Corporación local.

A subdelegada explicou que o Goberno de Sánchez está a colaborar activamente en diversos proxectos de interese para os mindonienses achegando cuantiosos fondos desde distintos ministerios para a execución destas melloras.

Rodríguez detallou que desde os Ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico e de Inclusión e Seguridade Social realízanse investimentos destinados á realización de distintas obras de posta en valor do patrimonio monumental de Mondoñedo, para a reha-



Visita da subdelegada do Goberno a Mondoñedo

abilitación de vivendas no Casco histórico, onde tamén se acondicionou un aparcamento público, así como na mellora das súas estradas e en proxectos que teñen por obxecto a mellora da eficiencia enerxética que permiten aforros na factura da luz e diminúen as emisións de CO2.

ACTUACIÓNS. A subdelegada falou dos investimentos en estradas tanto en mellorais como na cesión das mesmas

Tamén lembrou as axudas do 1,5% cultural correspondentes ao Programa de conservación do patrimonio histórico artístico e ao financiamento con 157.409 euros da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco histórico

A creación do novo aparcamento ou o investimentos en eficiencia enerxética foron outros dos temas tratados sen faltar os traballos de acondicionamento na oficina da Seguridade Social de Mondoñedo.

PREMIOS

DÍAZ JÁCOME. Miguel Cavadas Do campo, natural de Vigo, foi o gañador do certame de poesía Díaz Jácome de Mondoñedo coa súa obra *Adagio*. O segundo galardonado foi Quico Valeiras, do Carballiño, coa súa obra *Catro notas arredor desta caixa para despois*, e xa o terceiro premio recaeu en Adrián Maceda, do Saviñao, por *Cinco anticipacións a un corazón caído*. Cavadas recibirá un agasallo en metálico de 1.500 euros, o segundo recibirá 600 euros, e o terceiro 300 euros.

LEIRAS PULPEIRO. Andrea Fernández natural de Vilagarcía alzouse como gañadora da IX edición do Certame de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro. Unha edición marcada pola alta participación con preto de 100 orixinais. O traballo presentado pola gañadora, que obterá un premio de 1500 euros, placa e diploma, ten por título *Inventario dun adeus. Expiatoria*. O segundo premio, dotado con 600 euros, placa e diploma, recaeu na obra titulada *Antipodada* que é da autora Paula Luís González, de Vigo. Rosa María Novoa Vázquez acadou o 3º, dotado con 300 euros, coa obra *Barazas e Sedeños. Branca Trigo é de Xunqueira de Ambía*.

o valadouro

Edificios con enerxía de biomasa

O Pleno aprobou un expediente de modificación de créditos con cargo ao remanente líquido de tesourería que utilizará para poñer en marcha unha caldeira de 300 kw de potencia de biomasa creando unha rede de calor que alimentará cinco edificios, o pavillón, a gardería, o colexio, a casa da cultura e a piscina.

Actualmente estes edificios contan cunha caldeira de gas que se manterá como apoio, aínda que a nova instalación de biomasa proporcionará auga quente sanitaria e calefacción que servirá para estes edificios,

en especial para vestiarios e incluso durante o verán, darase un lixeiro amorne á auga do vaso da piscina. Está previsto que se instale un sistema de biomasa de carga automática cunha potencia nominal de 300 kw, cunha modulación desde 100 kw. Segundo o proxecto, a caldeira alimentárase de modo automático desde un silo de obra que se situará nunha sala anexa á beira da sala de caldeiras. Instalarase un depósito de inercia de 20.000 litros que almacenará a enerxía que xera a caldeira de biomasa.

Ademais, instalaranse contadores de enerxía para medir os consumos en cada inmobile e un sistema de telexestión con comunicación de alarmas que poida enviar avisos a varios correos electrónicos. O combustible almacenarase nun local ou almacén, con capacidade para 80 metros cúbicos. O pasado novembro o Inega concederon unha axuda ao Concello para a instalación desta rede de calor de 152.028,27 euros a través dos fondos Feder. A achega do Concello para esta actuación será de 38.007,07 euros.

Publicadas as ordenanzas de terrazas e limpeza de solares

O Concello do Valadouro vén de facer públicas dúas ordenanzas municipais, a reguradora da instalación de terrazas en espazos de uso público e a que rixe as normas de limpeza de terreos e solares en solo urbano, urbanizable e rustico.

As dúas normas foron publicadas no BOP o pasado 26 de decembro polo que entrarán en vigor os 15 días da súa publicación. Ambas as dúas poden consultarse na web municipal na súa redacción final.

No que respecta á normativa das terrazas, trátase de establecer un marco normativo que regule o uso especial do dominio público municipal mediante a súa ocupación por

particulares e que permita o desenvolvemento da actividade hostaleira da forma mais beneficiosa para os negocios e para o lecer e goce dos cidadáns, baixo a consideración do espazo público como un espazo de convivencia, que é de todos, e no que o uso e goce colectivo estean asegurados.

As terrazas que se atopen instaladas e autorizadas no momento da entrada en vigor da ordenanza poderán manterse nas mesmas condicións, se teñen autorización concedida, sempre que axusten a súa ocupación aos criterios técnicos e estéticos da nova normativa.

No caso de non estar adaptados ou-

torgase quince meses de prórroga dende a publicación para adaptarse a ordenanza.

LIMPEZA DE SOLARES. Esta segunda ordenanza especifica que os solos deberán ser rozados, limpados e xestionados a biomasa vexetal existente nos mesmos, conforme ao disposto no punto anterior, antes do día 1 de xuño de cada ano, debendo de mantelas rozadas ao longo de todo o período estival. Chegada esta data, o Concello poderá verificar o cumprimento da devandita obriga, procedendo a impoñer as sancións oportunas, que oscilarían entre os 100 e os 3.000 euros.

alfoz

Reparto de premios no Nadal



O Concello de Alfoz xa ten o resultado dos dous concursos celebrados nas últimas datas, o de fotografía e o de debuxo infantil.

A fotografía gañadora do I Concurso de fotografía Alfoz no outono foi *Mar de néboa*, de Miguel Paz Sixto, que recibirá 300 euros. O segundo, de 200 euros, foi para *A luz de la luna*, de Bruno Fernández Pereira. Finalmente, o 3º premio, 150 euros, foi para *A ponte antiga*, de Manuel López Méndez. Participaron 27 fotógrafos afeccionados que presentaron un total de 51 fotografías a concurso.

O xurado, composto por Santiago Otero de Vossaphotography; Jorge Val, alcalde de Alfoz, e Marisa Goás, concelleira de Cultura non o tivo nada fácil para elixir as 3 fotografías gañadoras. “O noso agra-

decemento e a nosa noraboa a todos eles pola calidade e orixinalidade das obras”, dixeron. Mar de néboa foi o fondo da felicitación de Nadal do Concello de Alfoz.

Todas as fotografías forman parte da exposición Alfoz no outono que se pode visitar no Castelo de Castro de Ouro os sábados, domingos e festivos de 12.00h a 20.00h. Despois trasladarase á casa da cultura para unha nova quenda de visitas.

DEBUXO INFANTIL. Tamen foron entregados os premios do XVIII Concurso de postais de Nadal de 2020. As postais premiadas foron en educación infantil Tomé Fane-go Otero (3 anos), en primaria Celia Fernández Fernández (11 anos) e en secundaria Lidia Expósito Goás (13 anos).

Ouro para os meles da zona

O mel da zona de Alfoz e Valadouro é un referente no sector e foi avalado o pasado mes durante a entrega de premios da XXIII cata dos queixos e da XIX cata dos meles de Galicia, onde destacou o prestixio da gastronomía galega en xeral e o dos queixos e meles en particular grazas á calidade das materias primas e do inmensurable esforzo do sector, nun ano atípico no que quedou claro que o medio rural é imprescindible. De feito os primeiros premios nas categorías do ouro líquido quedaron na zona.

Así, en multiflorais, o ouro foi para O poder das flores, seguido de Mel o Cortizo e O Trobo, mel do Valadouro. En monoflorais o ouro foi para Ouro Puro, seguido de Meles JS e Mel o Testeiro. Os gañadores foron recibidos polo

alcalde de Alfoz, quen lembrou o respaldo que estes premios fan á calidade deste produto natural e aos autónomos que apostaron polo mel para a súa rendabilidade. No caso dos meles, 25 industrias proveron 17 meles para concursar na categoría A, de meles monoflorais, e outros 20 para a categoría B, correspondente a meles multiflorais.

Os paneis de cata estiveron formados por profesionais experimentados vencellados ao ámbito da gastronomía, da hostalería, da comunicación e do sector agroalimentario. Eles foron os encargados de analizar totalmente a cegas e de forma minuciosa as mostras, para pasar a seleccionar as marcas gañadoras que foron reveladas. Durante o acto de entrega dos premios, o titular de Medio Rural

puxo en valor dúas das producións máis senlleiras do agro galego, resaltando que “estes produtos gardan neles a calidade que define a Galicia, que son mostra da nosa excepcionalidade”. Neste senso, sinalou que o reforzo desa calidade está asegurado a través da Estratexia de dinamización do sector lácteo. Este plan monográfico toma en consideración a produción de elaborados lácteos como o queixo, que reflexa a aposta do Goberno galego pola mellora e a promoción da calidade dos produtos lácteos galegos.

Así, felicitou ás 29 industrias queixadeiras e 25 industrias de mel que participaron nesta edición e gabou a profesionalidade destes sectores que, nun ano atípico, souberon saír adiante e fortalecer o prestixio da gastronomía galega.



Recepción dos dous gañadores do ouro no certame do mel

Ademais, un total de 86 mostras participaron na XXIII cata dos queixos e na XIX cata dos meles de Galicia, organizada pola Consellería do Medio Rural e os consellos reguladores das denominacións de orixe protexida (DOP) San Si-

món da Costa, Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Cebreiro e da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia. Nesta vixésimo terceira edición, optaron a galardón 29 industrias queixadeiras

O PSOE fai balance dos investimentos durante o ano

Dende o PSOE de Trabada remataron o ano facendo balance da xestión. “Foi un ano moi difícil para todos, estivemos expostos a unha situación sin precedentes na que vimos como a dureza deste virus se levaba moitas vidas e nos cambiaba o estilo de vida dos que a día de hoxe podemos contalo, polo que agardamos que a tristeza deste ano remate con el e que o 2021 esté cargado de saúde, alegría e paz para todos!”, indican. Segundo indican os proxectos xestionados polos socialistas e executados neste exercicio foron de 407.461,60 euros e se ocuparon de nove actuacións principais. A primeira é a rehabilitación da escola de Villapercide por importe de 115.738,72 euros. A esta hai que sumar a mellora da accesibilidade á residencia e construción dunha acera pola marxe esquerda na Ría de Abres por importe de 42.377,05 euros; a reconstrución da ponte

de San Martiño por importe de 22.172,12€; a urbanización do museo por valor de 39.706,86€ ou o acondicionamento e mellora do acceso a Vilapena que tivo un oramento de 40.505,00 euros. Engaden á listaxe a urbanización do acceso á escola de Vilapercide con 10.750,00 euros de orzamento; as obras do parque infantil na Ría de Abres (23.818,85€); o equipamento do Centro Etnográfico José Rocha por importe de 36.300,00; a reparación da Área Chozas, na que se investiron 60.000,00; ou mesmo a recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000 no Concello de Trabada na área recreativa da Chozas e na fraga da Belosiña, por importe de 16.093,00€.

PENDENTES DE EXECUCIÓN. Por outra banda, tamén presentaron os proxectos xestionados que se

executarán nos vindeiros meses e que teñen un orzamento total de 549.038,35 euros. Os máis destacados serían a reconstrución da ponte de Paxarín, na que se investirán un total de importe de 23.744,51€. Teñen prevista tamén a pavimentación dos camiños de acceso ao Bargo, Vilasuso, Carreirachá por importe de 55.962,50€ e a construción da pista de pádel que custará 36.306,47 euros. A elas engádesse tamén a reparación da cuberta na escola de Sante por importe de 15.559,01€; a rehabilitación da vivenda de Vilapercide cun orzamento de 39.998,96€; a construción do aparcamento de autocaravanas na Ría de Abres (40.492,72€), ou a pavimentación do último tramo da estrada provincial LU-P-5506, que conecta Trabada con Lugo, por un importe de 152.500,00 euros. Non faltarán as obras de reposición do parque infantil de Trabada



O equipo de Goberno coa alcaldesa ao fronte

situado ao lado do Concello, por importe de 14.520,00 ou a rehabilitación enerxética da envolvente térmica do punto de atención á infancia e da cámara agraria, que terá un orzamento de 86.892,00 euros. Como explica a alcaldesa, en total os investimentos que xestionou o

grupo socialista de Trabada ascenden a 956.499,95 euros. “Estes son os resultados da nosa xestión, porque con independencia de onde veñan os fondos, hai que xestionalos e aí é onde está o traballo do Goberno Socialista Municipal de Trabada”, lembra Mayra García.

Os maiores serán os protagonistas do proxecto de musealización

O Concello de Trabada está a realizar un proxecto de musealización ao que vén de invitar a participar a todos os veciños e veciñas maiores de 65 anos para que conten as súas vivencias e deste xeito formar parte desta exposición a través de pequenos vídeos.

Xa hai un grupo de veciños que están a participar no proxecto e que xa fixeron as entrevistas e agora invitan ao resto a unirse para o que só será preciso chamar ao teléfono do Concello, 982 135 011.

O Concello de Trabada iniciou no 2017 o proxecto de musealización coa redacción do proxecto de rehabilitación do edificio das antigas escolas (285.714 euros). Despois de solicitar unha subvención ao Agader, que depende da Consellería do Medio Rural, a cal foi denegada, no 2018 solicitaron outra á Consellería de Medio Ambiente, a cal se tramitaba por orde de entrada, e por atoparse entre os primeiros proxectos presentados, obtiveron a subvención por importe de 272.000 euros. As obras de rehabilitación remataron en marzo do 2019 e ese mesmo ano e, con cargo ao Plan Único da Deputación, incluíuse o proxecto de urbanización do acceso ao centro etnográfico por importe de 46.350,47 euros que se executou neste ano.



Alguns dos participantes no vídeo

No 2020 solicitaron unha axuda á Consellería de Cultura por importe de 43.439 euros para levar a cabo o equipamento, dos cales lles concederon 29.972,91 euros e que acabaron de executar este mesmo mes. Agora, segundo indica a alcaldesa, “estamos levando o cabo, con fondos propios, o proxecto museolóxico englobando o deseño expositivo e a selección das pezas, a realización de entrevistas aos veciños e veciñas de Trabada para exposición de mi-

crovideos ilustrando as formas de vida nos diferentes temas do centro, gravando, editando e producindo os vídeos, así como a aportación de imaxes para as proxeccións e para os murais por un importe de 17.771,27 euros”. “En definitiva, o camiño foi longo pero estamos a ver a luz, pois o feito de ser un proxecto que nace do pobo é a nosa maior satisfacción. Así ue agardamos que haxa máis veciños e veciñas que se animen a participar!”, conclúe.

Axudas para colectivos

A Xunta de Goberno aprobou axudas para tres colectivos veciñais do municipio de Trabada co fin de mellorar dotacións comunitarias que prestan un importante servizo á veciñanza. En concreto, trátase de 28.062,18 euros para a Asociación de Veciños de San Xulián de Sante, destinada a colaborar co acondicionamento da cuberta do teleclub da parroquia; 40.000 euros para a entidade Monte Veciñal en Man Común de Vilaformán, para o acondicionamento tamén da cuberta do teleclub deste núcleo; e de 15.000 euros para a Asociación de Veciños de Carreiracha para a instalación de abastecemento de auga potable

para 6 vivendas deste lugar. De feito, estes días, a Deputación de Lugo firmou un acordo co representante da asociación de Vilaformán para financiar con 40.000 euros a reparación da cuberta do teleclub. Os traballos consistirán na substitución das tellas deterioradas por outras novas de lousa impermeables. Actualmente a cuberta atópase en mal estado, con moitas tellas rotas, o que provoca que se produzan numerosas filtracións no interior. Esta situación impide que a veciñanza se poida reunir e organizar actividades, debido a que non se garanten as condicións de seguridade e confort axeitadas.

O PP reclama a mellora das estradas a Barreiros e San Tirso

Membros do grupo provincial do PP desprazáronse a Trabada para protestar polas “deficiencias que presentan as estradas LU-P 6103 e LU-P 6104”, que, respectivamente, comunican o municipio con San Cosme de Barreiros e coa parroquia de Sante e con San Tirso de Abres.

“As deficiencias das vías de comunicación xeran con frecuencia risco para a circulación rodada e peonil. Isto ocorre na estrada que enlaza Trabada con San Cosme de Barreiros (LU-P 6103). Neste caso, a sinalización horizontal, máis que deficiente, é inexistente de tan deteriorada que está. Esta deficiencia é un problema considerable en todo o seu trazado, pero especialmente nos puntos máis

altos, onde o mal tempo e a néboa son moi frecuentes. Polo tanto, é preciso que o goberno da Deputación, presidido polo socialista José Tomé, adopte o antes posible as decisións necesarias para o repintado da sinalización horizontal desta estrada. Na mesma vía, é preciso instalar redutores de velocidade na parroquia de A Fórnea, para mellorar a seguridade, no punto no que hai un cruzamento nunha curva”, din. En canto á estrada que enlaza coa parroquia de Sante (LU-P 6104), din que o risco de accidentes é aínda máis grande. Neste caso, o problema débese a unha deficiencia estrutural, porque a vía sofre un afundimento a altura de Xuga.

DEPUTACIÓN

Os orzamentos de 2021 están en vigor dende o 1 de xaneiro

Os orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2021, que ascenden a 92,5M€, entraron en vigor o 1 de xaneiro tras publicar o Boletín Oficial da Provincia (BOP) a súa aprobación definitiva, acordada pola Corporación provincial no último Pleno ordinario tras desestimar a única alegación presentada.

A Deputación de Lugo dispón de 2021 cun orzamento de 92,5M€, un terzo dedicado a políticas sociais, para seguir traballando da man dos concellos e do tecido social e produtivo de cara a mellorar e aumentar os servizos públicos, e favorecer a reactivación da economía fronte aos efectos da pandemia.

Para elo, o Goberno provincial reforza as súas liñas de acción prioritarias: as políticas sociais, o apoio aos sectores produtivos estratéxicos, a cooperación cos concellos e a mellora da mobilidade.

En canto a políticas sociais, ás que dedica 30M€, destaca a subida dos investimentos para o mantemento

e a creación de emprego ata chegar aos 9M€, o que supón o dobre que os fondos destinados a este fin neste 2020.

Así mesmo, os orzamentos contemplan 8M€ para a rede de centros públicos de atención a maiores, coa previsión de abrir catro residencias, a de Castroverde, xa en marcha, e as de Pedrafita, Meira e Navia, o que supoñerá a creación de 190 novas prazas asistenciais e de 100 postos de traballo directos no rural. Polo que respecta ao apoio aos sectores produtivos da provincia, destacan as partidas para accións enfocadas ao sector agrogandeiro, forestal e do mar, que suben un 13%, ata os 2,3M€, e os fondos para turismo, que aumentan un 10%, ata os 3M€.

O principal instrumento de cooperación cos concellos co que conta a Deputación, o Plan Único, sube ata os 21,5M€ e abre unha nova liña de apoio ó sector servizos que resultou dos máis afectados pola crise.



A estrada LU-P-0610 ao seu paso por Barreiros

A Deputación inviste 244.000 euros en estradas da Mariña

A Deputación de Lugo investirá preto de 244.000€ na mellora de dúas estradas que discorren pola comarca da Mariña, en concreto polos concellos de Barreiros, Trabada, Riotorto e Lourenzá.

A institución provincial vén de adxudicar por 91.300 euros as obras para a mellora de dous quilómetros da estrada provincial LU-P-0610, paralela á costa de Barreiros. O Presidente da Deputación e responsable directo de Xestión Territorial, José Tomé, xa avanzou que o vindeiro ano arranxarase outro tramo xa que “a día de hoxe, só faltarían por renovar 4 quilómetros”.

Por outra banda, a Deputación tamén aprobou a adxudicación por

máis de 152.500 euros do proxecto para renovar o firme da LU-P-5506, que comunica os concellos de Trabada, A Pontenova e Lourenzá, dende o quilómetro 0 ata o 4,1. Con estas obras, a estrada de Augaxosa a Trabada queda renovada de maneira íntegra.

O presidente subliñou que unha liña de actuación prioritaria é a mellora da rede viaria, “tal e como o Goberno provincial demostra nos Orzamentos do ano 2021, nos que aumentan os fondos para este fin nun 14%, ata chegar aos 16M€”. “Cremos que a mobilidade é un dereito máis da cidadanía, e manter en bo estado as comunicacións por estrada é imprescindible”.

O Pleno saca adiante as bases para o Plan Único do 2021

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante as bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 no pleno da Corporación provincial. O presidente da institución, José Tomé Roca, subliñou que a aprobación das bases no ano anterior ao da súa vixencia, por primeira vez dende que existe o plan, é unha das novidades do programa de investimentos, xunto coa subida da dotación económica ata os 21,5M€, a posibilidade de imputar gastos de contratación de persoal dende principios de ano e a apertura dunha nova vía de apoio ao sector servizos para favorecer a recuperación dunha das actividades económicas máis gravemente afectadas pola crise da Covid-19.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, subliñou que “hoxe temos unha boa noticia para os 67 concellos da provincia e, por elo, unha boa noticia para os veciños e veciñas da provincia. Dentro do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos, cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único. Melloras pensadas para facilitarles aos concellos a planificación e a xestión dos investimentos e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades da veciñanza”.

Nesta liña, a deputada explicou que durante o ano 2020, a Deputación abriu unha nova liña para que os concellos puideran promover medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da COVID-19. “Nesta ocasión, volvemos a incorporar melloras no Plan Único de cara a un ano no que os concellos necesitan maior colaboración para combater a crise provocada pola pandemia e favorecer a recuperación social e económica”, recalcou.

DOTACIÓN ECONÓMICA. Neste senso, García Porto indicou que o Goberno da Deputación aumenta a dotación económica do Plan Único ata alcanzar os 21,5M€, unha cantidade que se chegará coa incorporación de remanentes. “Con esta decisión seguimos reforzando o principal instrumento de cooperación cos concellos que temos na Deputación. Isto é especialmente importante nun ano no que os concellos teñen máis necesidades polos efectos da crise sanitaria, sobre todo aqueles máis pequenos nos que boa parte da actividade depende dos recursos económicos aportados pola Deputación”.

Distribución dos fondos por concellos da Mariña

CONCELLOS	ACHEGA PLAN ÚNICO 2021
ALFOZ	274.404,09 €
BARREIROS	276.433,81 €
BURELA	376.018,28 €
CERVO	295.573,91 €
FOZ	426.046,87 €
LOURENZA	253.293,15 €
MONDOÑEDO	309.920,66 €
OURIOL	306.999,22 €
PONTENOVA (A)	274.837,63 €
REBADEO	446.596,56 €
RIOTORTO	239.254,43 €
TRABADA	250.838,08 €
VALADOURO (O)	288.884,23 €
VICEDO (O)	256.406,10 €
VIVEIRO	500.000,00 €
XOVE	278.023,86 €
TOTAL	5.053.530,88€

Ao mesmo tempo, a deputada puxo en valor esta decisión “ao cumprir co recollido no pacto de Goberno de incrementar progresivamente o orzamento do Plan Único, na medida das posibilidades. Pola contra, a Xunta de Galicia, ademais de ignorar ás deputacións e aos concellos para abordar a crise da pandemia e con cargarles máis competencias sen aportar recursos, nos Orzamentos para o ano 2021 recorta as transferencias aos concellos nun 6,4%”.

PREVISIÓN. Así mesmo, a voceira do Goberno salientou a antelación para aprobar o Plan Único da Deputación. “Por primeira vez dende que existe este Plan, aprobamos as bases no ano anterior ao seu período de vixencia. Isto é moi importante para os concellos porque lles permite traballar con moita maior previsión; poderán empezar na primavera verán as obras, a época máis propicia para facelo, e terán máis tempo para executar as actuacións que financian con cargo ao Plan Único. De feito, prevemos abrir xa a principios de xaneiro o prazo para que poidan presentar os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, cando nos últimos anos o prazo abríase na primavera”.

García Porto explicou que outra decisión que axudará aos concellos a aproveitar mellor o Plan Único é que poderán imputar con cargo a estes fondos os gastos de contratación de persoal dende principios

de ano. Isto favorecerá a creación de postos de traballo, e facelo dende primeiros de ano, unha medida que terá carácter permanente, pero que o vindeiro ano será especialmente importante para contribuír á recuperación do mercado laboral.

SECTOR SERVIZOS. A voceira socialista do Goberno subliñou que outra das grandes novidades do Plan Único 2021 é que, “dentro da liña COVID, abrimos unha nova vía para que os concellos poidan apoiar ao sector servizos: á hostalería, ó turismo e ó comercio, actividades que resultaron das máis gravemente afectadas polo impacto da pandemia e que son o músculo da actividade económica da provincia”. “Con esta nova medida volvemos a demostrar que as políticas da Deputación están pegadas á realidade da provincia de Lugo e que axudan a recuperar os sectores produtivos, dentro das nosas competencias e cos recursos dispoñibles”, subliñou García Porto.

Finalmente, García Porto incidiu en que o Plan Único 2021 mantén a súa esencia, como é a distribución dos fondos en función de criterios públicos e obxectivos, como a poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento. Ademais, como en anos anteriores, fíxase un máximo de 500.000€ para os concellos de máis habitantes, e de 200.000€ para os concellos que teñen menos habitantes.

MAR

Rematan as obras de ampliación do abrigo do porto de Burela

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de recibir as obras da segunda fase da ampliación do abrigo do porto de Burela, na que a Xunta investiu 1,2 millóns de euros. A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, e o delegado territorial do Executivo galego en Lugo, Javier Arias, visitaron esta mañá a zona para comprobar o remate dos traballos e a habilitación do espazo de atraque xerado grazas ao novo tramo de dique.

As obras consistiron na construción dun peirao de oito metros na dirección xa existente e doutros 50 metros adicionais en ángulo con aquel, para mellorar o abrigo do porto e ampliar o atraque. A súa misión fundamental é a de reducir a axitación do interior das dársenas así como conseguir maior capacidade de atraque e servir para amortecer a ondata que exerce o dique de abrigo.

Esta actuación completa a primeira fase do abrigo executada en 2015 e únese a outras recentemente executadas no mesmo



Visita dos responsables de Portos a Burela

porto, como a reposición da cuberta dos departamentos de armadores, a reparación da cuberta da nave de Expomar e o corte do recalce do peirao que emprega o estaleiro Armón. Así mesmo, a presidenta de Portos de Galicia anunciou que o seu departamento vén de adjudicar a mellora da nave de redes de Burela por importe de 287.000 euros. “En total, no último ano o ente público destinou a Burela 1,6 millóns de

euros”, sinalou representante do Executivo galego.

Pola súa parte, o delegado territorial da Xunta en Lugo destacou que as actuacións financiadas pola Consellería do Mar no porto de Burela, “serven para mellorar tanto as condicións de traballo dos pescadores como a súa seguridade e para incrementar a capacidade do atraque do porto, o que contribuírá a aumentar a competitividade do sector”.

O Consello Galego acorda seguir a súa folla de ruta ante o brexit

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, presidiu o Pleno extraordinario do Consello Galego de Pesca no que se analizou polo miúdo o acordo acadado entre a Unión Europea e o Reino Unido sobre o brexit e no que expuxo a folla de ruta deseñada por Galicia para a defensa dos seus intereses ante todas as instancias, unha planificación que foi apoiada por unanimidade polos integrantes do pleno.

Esta estratexia, detallou a titular de Mar, terá como base os dous informes que a Xunta xa encargou sobre o impacto do acordo, un técnico-administrativo á Fundación MarInnLeg sobre a incidencia que terá na actividade extractiva e na comercialización dos produtos pesqueiros e outro ao Instituto de Estudos Europeos Salvador de Madariaga da Universidade da Coruña sobre as súas implicacións xurídicas.

Unha vez estean dispoñibles estes informes, o Executivo galego con-

vocará un novo pleno do Consello Galego de Pesca para analízalos e conformar un grupo de traballo no que establecer as prioridades do sector pesqueiro galego neste eido para os vindeiros exercicios. Ao mesmo tempo, a Xunta solicitará unha reunión coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea, Charlina Vitcheva, e co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, Pierre Karleskind, para trasladarlle o impacto que o acordo ten en Galicia.

Na mesma liña, a Xunta xa remitiu cartas aos eurodeputados españois que son titulares ou suplentes na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo co obxectivo de manter unha xuntanza no próximo pleno do Consello Galego de Pesca, expoñerlle a liña de traballo da comunidade e solicitar que se sumen a ela nas súas xestións ante as institucións europeas.

Aprobados varios plans de marisqueo para tres anos

A Consellería do Mar vén de aprobar 94 plans de xestión de marisqueo de recursos xerais para os próximos tres anos que definirán a actividade marisqueira das confrarías de pescadores e das entidades asociativas. Esta orde ten como obxectivo garantir que a explotación marisqueira na comunidade se realiza con todas as garantías e de xeito sustentable. Estes 94 plans repártense entre 52 de marisqueo a pé, 35 desde embarcación e sete mixtos e 4 corresponden á provincia de Lugo.

En canto aos períodos autorizados para a captura de crustáceos, o plan para os vindeiros tres anos establece que está permitido extraer nécora do 1 ao 5 de xaneiro e do 1 de xullo ao 31 de decembro. No caso do lumbricante, o período autorizado de captura vai do 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de xullo ao 31 de decembro. Mentres, a lagosta poderá extraerse entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro e o santiaguíño poderase capturar do 1 ao 5 de xaneiro e do 1 de outubro ao 31 de decembro. A maiores, a norma específica que o conguito, o patulate e o cangrexo se poderán extraer durante todo o ano.

Os portos de Celeiro e Burela pasan a ser puntos de control fronteirizo

O Consello de Ministros acordou ampliar a lista de portos onde estarán permitidas as operacións de desembarque e transbordo de produtos da pesca, así como a prestación de servizos portuarios para buques pesqueiros de terceiros países.

Incorpóranse, desta maneira, dous portos mariñaos, os de Burela e Celeiro, xunto a Arrecife e Puerto del Rosario, en Canarias; e Pasaia, no País Vasco.

A nómina non se modificaba desde hai 10 anos, pero a saída de Reino Unido da Unión Europea fai necesario aumentar o número de localizacións onde os seus buques pesqueiros poidan recibir servizos portuarios. Os citados reúnen as condicións idóneas para ser incluídos na mesma.

A modificación leva a cabo mediante a substitución do anexo correspondente do acordo do Consello de Ministros do 4 de decembro de 2009, no que se fixaron os lugares nos que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación



Porto de Celeiro

podería levar a cabo o control dos produtos pesqueiros procedentes de países non comunitarios, como será o caso do Reino Unido a partir do 1 de xaneiro próximo.

Aínda que ningún dos cinco novos portos designados ten na actualidade punto de control fronteirizo, permítese que os buques pesqueiros de terceiros países teñan acceso á prestación de servizos portuarios, así como á carga de peixe; estará autorizado, ademais,

o desembarque e o transbordo de produtos da pesca frescos orixina-rios ou procedentes de países non comunitarios.

Entre as obrigacións establecidas regulamentariamente atópase a designación de portos no territorio nacional de cada Estado membro nos que se autoriza aos buques pesqueiros de terceiros países a acceder a servizos portuarios e efectuar operacións de desembarque ou transbordo.

Convocados tres cursos on line de mariñeiro pescador

A Consellería do Mar vén de convocar tres novos cursos de mariñeiro/a pescador/a na modalidade online que terán lugar entre o 22 de febreiro e o 9 de abril de 2021 e cunha duración de 50 horas. Cada unha destas accións formativas estará titorizada por unha das tres escolas de ensino náutico-pesqueiro da Consellería, a Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, a Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e o Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

O período de inscrición para estes cursos, que contan con 60 prazas cada un, está aberto ata o 22 de xaneiro. A relación de admitidos será establecida en función da hora e do día de prematrícula dos candidatos. Toda a información sobre esta oferta formativa pode consultarse no apartado de teleformación da web.

Unha vez que remate o curso de teleformación realizarase un exame presencial en cada un dos centros dependentes da Consellería do Mar. Así mesmo, será necesario superar unha proba de natación o mesmo día do exame para poder presentarse á proba final.

DEPORTES

O BeOne pecha o ano con récord de xogadores



Unha das actividades realizadas este ano cos pequenos

O club BeOne Rugby de Ribadeo pechou o 2020 cun bo balance. Ante a imposibilidade de seguir coa súa actividade, a organización deportiva púxose a buscar alternativas, seguindo as campañas da Federación Española de Rugby, formando a adestradores e a árbitros, ademais de tecnificar xogadores e xogadoras. Participaron en xornadas sobre rugby inclusivo, á vez que se traballou coa Fundación Edes, aumentando o número de alumnos e alumnas desta sección. O club participou tamén este ano na campaña #Yoseréleona, onde a xogadora internacional María Casado intervéñ para consolidar e facer crecer a sección feminina.

Dende BeOne, continuouse co traballo de xeito online e ofrecéronse charlas sobre nutrición. Ademais, segue en marcha o programa Get into Rugby, que xa fora un éxito na pasada campaña coa participación de máis de 500 alumnos en aulas de Educación Física, busca ser máis ambicioso de cara á nova edición. Pretendese que para o 2020/2021

se forme directamente aos docentes mediante un curso homologado de rugby cinta ou rugby touch para que poidan incluír estes contidos nas súas programacións didácticas en colexios e institutos. O IES Dionisio Gamallo xa se inscribiu nesta iniciativa tras realizar varias sesións xunto aos técnicos de BeOne nas que deron a coñecer o rugby aos seus alumnos e alumnas.

Para a categoría sénior, tanto masculina coma feminina, xunto coa Sub18 e algún Sub16, os adestramentos continuaron nestas festas e o 30 foi o derradeiro do ano. Os das categorías da Sub14 para abaixo, que descansan en Nadal, volveron ao verde o 7 de xaneiro. O esforzo de BeOne ao menos queda reflectido co seu número de xogadores e xogadoras, posto que cerran o ano sumando a maior cifra dende a súa fundación: 30 en escolas, 14 en academia, 18 en rugby inclusivo, 8 en Sub18 e 21 en Sénior. Entre eses números, o 14% correspóndese a xogadoras e o club espera poder aumentar a porcentaxe.

Finaliza a V edición da Run Foz Run Nadal

A lucense Marta Casanova (13ª xeneral 17:38) fíxose coa vitoria na V Run Foz Run Nadal disputada en Foz sobre unha distancia de 5.000 metros. Esta foi seguida da franquina Sofía Fernández Castro e da tamén lucense, Rosalía Rodríguez (51ª xeneral).

O vencedor absoluto foi Manuel Furtado, seguido do burelense do Club Local, Simón Río, que tamén foi o gañador na categoría sénior, e de Iker González. A proba estivo organizada polo Club Atletismo Ría de Foz e contou con preto de 400

rexistrados repartidos en sete categorías.

Entre os máis pequenos a vitoria foi para Amelia Carrillo e Miguel Diz e destaca o segundo de Elena Pumarés en cadete feminino, así como os terceiros de Xabier Diz e Antón Fernández (alevín e infantil).

Na categoría Master A Feminina a vencedora foi Ana Lorenzo e na de naturais de Foz masculino gañou Marcos Loureiro seguido de Manuel Eiras. Na feminina Rosalía Rodríguez obtivo o primeiro posto, seguida de Ana Lorenzo e de Rosalía Veiga.

Triplete de títulos en Burela

As guerreiras laranxas gañan a Copa e a Supercopa e os homes a Copa Galicia

O Pescados Rubén Burela revalidou o título de Copa da Raíña nun grande espectáculo galego ante Poio Pescamar FSF (1-0), no que reinaron as defensas e Elena Aragón fixo posible a vitoria cun dobre penalti na primeira parte. As Guerreiras volveron proclamarse campioas na segunda edición da cita, pechando un ano deportivo excepcional, no escenario que tamén conquistaron a liga 2019-20. A capitá laranxa, Peque, alzou o trofeo entregado polo presidente da Real Federación Española de Fútbol, Luis Rubiales.

SUPERCOPA. O Pescados Rubén Burela FS seguiu facendo historia converténdose en tricampión de Supercopa de España despois de impoñerse no mausoleo laranxa a Poio Pescamar FSF; as Guerreiras encamiñaron na primeira parte con 2-0 para contelo tras o descanso. Peque levantou o trofeo que suma para as Guerreiras o triplete, despois de Liga 2019-20 e Copa da Raíña.

COPA GALICIA. Os pupilos de Juanma Marrube xa son bicampións irmandiños. O Pescados Rubén Burela FS alzouse co título da Copa Galicia Masculina, por segunda vez na súa



Celebración do equipo feminino, arriba, e, abaixo, a do conxunto masculino

traxectoria, tras impoñerse con solvencia esta tarde en Narón ao Noia Portus Apostoli (5-2). O presidente da RFGF, Rafael Louzán, acompañado polo vicepresidente da RFEF, Pablo Lozano, fixo entrega do trofeo ao capitán Edu, para escribir con letras

de ouro este sábado 9 de xaneiro como un día histórico para toda a Familia Laranxa, completando a xornada que comezou o Pescados Rubén Burela FS pola mañá en Vista Alegre conquistando a Supercopa de España Feminina.

Remata a primeira volta da Liga de Bolos sen suspensións

Remata a primeira volta desta XXXII Liga de Bolos Concello de Xove sen que a covid-19 interrompise o seu desenvolvemento con 10 tiradas consecutivas celebradas.

Na Liga Senior masculina, a falla de 8 tiradas para o final, xa hai unhas diferenzas significativas na cabeza da táboa e entre a cabeza e o resto. O vixente campión, Miguel Formoso, avanza con paso firme cara renovación do seu título; onde marca unha distancia de 15 puntos sobre Óscar, segundo clasificado con 73 puntos, e a gran revelación do campionato; está xogando a un nivel moi alto, está sendo moi regular. Por detrás, o incombustible Arturo Vigo, que si é certo que non está ao nivel dos seus mellores anos, inda atesoura unha calidade incuestionable e, ano traís ano, manténse nos postos de cabeza como se os anos non pasasen por él.

Por detrás están Jorge Meitín a 13 puntos de Arturo e a 37 do líder, seguido por Francisco Pérez, Rafael González, etc.

Na Liga Senior feminina, o dominio de Julia López na categoría é aplastante, con 6 vitorias de 10. Por detrás veñen 4 xogadoras moi igualadas que pelexarán pola 2ª e 3ª posición finais; Belén Meitín, Carmen Roca, Salomé Bermúdez e Concepción Piñeiro; por certo, Concepción, que nas últimas tempadas sempre estaba pola parte baixa da clasificación, este ano deu un paso adiante e subiu un escalón no seu xogo; o seu segundo posto na clasificación con 26 puntos, compartido con Belén Meitín, así o atestigüa. Oito vitorias sumou Xenxo, quen con 59 puntos vai camiño do seu primeiro entorchado na súa categoría. Christian Cociña, que non puido participar na última tirada, ve como se alonxa Xenxo, pero o seu segundo posto final está máis que garantido. A emoción nesta categoría base está na loita polo 3º posto, para o que Iker Cociña con 26 puntos e Jordi Cancelos con 19 se postulan con máis claridade.

Arrinca de novo o fútbol campo

A RFGF inicia as competicións de base autonómica pero inclínase por suspender as tres de sénior

Polo de pronto a Real Federación Galega de Fútbol avanzou que o máis probable é que se suspenda a competición das tres categorías sénior de Autonómica correspondente ao fútbol provincial.

Segundo avanzaron, a escasa inscrición nas tres categorías foi a causa principal, ademais, moitos dos equipos amosaron desde o principio a súa intención de non competir debido ao risco sanitario, como foi o caso do Alfoz, San Ciprián, Celeiro de Mariñaos ou Pontenova, entre outros.

Aínda que a decisión aínda non foi comunicada de forma oficial, todo parece indicar que se seguirá por ese camiño xa que moitos dos grupos quedarían case sen representación.

A que si se celebraría sería a Preferente, que conta co cen por cento dos inscritos no Norte e unha gran maioría no Sur. Do mesmo xeito, xogarán tamén as categorías de base da competición autonómica, tamén coa totalidade dos inscritos. Tampouco se sabe que decisión se tomará coas categorías de base do fútbol provincial.

De ser así, os equipos que renunciaron a competir non terían unha penalización en forma de descenso.

PREFERENTE. Rematou o prazo fixado pola Real Federación Galega de Fútbol para a inscrición de equipos nas categorías de fútbol Preferente, Primeira Galicia, Primeira Galega Feminina, Liga Galega Xuvenil, División Honor Cadete, Liga Galega Cadete e Liga Galega Infantil foron 147 os que formalizaron a súa inscrición na Intranet, 99%. Únicamente dous equipos optaron por non anotarse. Ou o que é o mesmo, cinco dos sete grupos activáranse completos, con todos os equipos en competición. Só o Marcón en Galega Xuvenil e o Guardés en Galega Cadete decidiron non anotarse.

Primeira Feminina o 95% e nas categorías base ata o 99%.

Na categoría de Preferente son 41 os equipos inscritos dos 46 que partían na categoría. Os que faltan pertencen ao Grupo Sur, correspondente as provincias de Ourense e Pontevedra.

O Grupo Norte (provincias da Coruña e Lugo) está completo cos 23 equipos anotados para xogar esta atípica tempada 20-21. O 100% dos equipos queren iniciar a competición. Da provincia de Lugo xogan Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escarón e Club Lemos. No que respecta á Primeira Galega Feminina queda claro o desexo dos equipos de retomar a práctica do fútbol, pois foron 18 dos 19 equipos os que formalizaron a súa inscrición. Todos a excepción do Tordoia. Neles está o Frial B e CD Lugo correspondente á provincia luguesa.

FÚTBOL BASE. E no referente ó fútbol base os datos falan por si sós. Dos 149 equipos pertencentes ás categorías Liga Galega Xuvenil, División Honor Cadete, Liga Galega Cadete e Liga Galega Infantil foron 147 os que formalizaron a súa inscrición na Intranet, 99%. Únicamente dous equipos optaron por non anotarse. Ou o que é o mesmo, cinco dos sete grupos activáranse completos, con todos os equipos en competición. Só o Marcón en Galega Xuvenil e o Guardés en Galega Cadete decidiron non anotarse.

Así, na categoría xuvenil galega estarán os equipos Residencia, Viveiro e Vilalbés B, na cadete a representación é a máis numerosa co Milagrosa, Vilalbés, Viveiro, Lugo B e Ribadeo. Na infantil estarán Viveiro, Lugo e Residencia. No que respecta á División de Honra cadete, estará o Lugo A.



TROFEO EMMA CUERVO. O Viveiro proclamouse campión do LXIX Trofeo Emma Cuervo, tras vencer por 2 goles a 1 ao Compostela. O partido disputouse no novo céspede do estadio municipal Pepe Barrera, ao que acudiron ducias de afeccionados, ata un máximo de 280, que era o límite de aforo decretado polo protocolo covid da Xunta de Galicia.

A única competición destas categorías en marcha é a División de Honra xuvenil e Liga Nacional xuvenil coa participación do Vilalbés e do Lugo. Unha vez definido o mapa de cada unha das categorías, nos vindeiros días iran celebrando reunións telemáticas ou presenciais cos equipos inscritos en cada categoría para resolver todas as dúbidas que poidan existir referentes ao plan competicional e a outros apartados e conseguir así unha total coordinación con todos os participantes nas distintas competicións.

REINICIO. RFGF optou por un regreso progresivo da competición, fixando un proceso de desescalada en tres grandes bloques. Todo elo co obxectivo de reducir os riscos de contaxio, garantir o cumprimento dos protocolos e permitir unha mellor adaptación dos propios clubs

e deportistas. E sempre cumprindo co compromiso de que se ían a deixar, como mínimo, entre cinco e seis semanas de pretempada para a preparación dos equipos.

Nun primeiro nivel activáranse as competicións de carácter autonómico de fútbol, fútbol sala e fútbol base.

Nun segundo bloque activáranse as demais categorías sénior, así como as provinciais e locais de xuvenís, cadetes e infantís de fútbol, mentras que na especialidade de fútbol sala quedará todo activado nesta segunda fase. Competicións estas que previsiblemente poderán comezar durante a segunda quincena do mes de febreiro, sempre que o permita a situación sanitaria.

O último nivel de activación refírese ao fútbol 8, que arrincará a finais de febreiro, sempre que o permita a situación sanitaria.

O Riotorto FC xa ten listo o equipo

O Riotorto FC xa ten deseñado o plantel co que xogarán esta tempada á espera de que se inicie tralo parón orixinado polo coronavirus por parte da Federación Galega de Fútbol.

Así, este ano renovaron Juanmi, Manu Roca, Isaac, Fran Pastor, Chisco, Coedo, Manu Carreira, Samuel, Ferreirós, Suso, Pablo Vivero e Michi e producíronse catro incorporacións. A máis destacada é a chegada de Jadri á dirección técnica do equipo procedente do Folgueiro. Tamén se incorporan no campo Carlitos e Ibai, ambos os dous procedentes do Pol e Álex Paz que deixa o Foz polo cadro local.

Ademais, producíronse varias baixas. Así os adestradores Roberto e Fidalgo marchan para o Lourenzá e o Castro, respectivamente. Ao Pol marchan Dani Roca, Parapar e Pablo Ruiz. Tamén ao veciño equipo de Meira marchan Lourido, Álex e Alberte; mentres Borja fichou polo Abadín CF e Tejada polo CD Corgo. Ademais, o club puxo á venda as máscaras rotuladas co logo. Hainas en vermello, negro e azul mariño e véndense a dez euros unidade.

Iria Rodríguez, bronce no campionato galego de atletismo



Iria Rodríguez

A mindoniense Iria Rodríguez Ares obtivo no Campionato Galego de Pontevedra o bronce nos 1.000 metros da categoría sub-14 feminina, un novo recoñecemento para as Escolas Deportivas Madeiras Barcia Lourenzá, á que pertence.

Iria alcanzou a súa mellor marca do ano na competición con 3:18.42. e quedou a 66 centésimas da medalla de prata que foi para Amparo Correioira Coira, de Franciscanos Lugo. Máis lonxe estivo Candela Sánchez Touza, San Miguel de Marín, que detivo o cronómetro aos tres minutos, cinco segundos e 54 centésimas.

Tamén quedou moi preto das medallas Lidia Balseiro Domínguez, cuarta clasificada na final A sub-12 dos 1.000 metros. Completaron a participación da escuadra laurentina Leandro Miguel Lopes Spencer, sétimo na final C dos 1.000 sub-12; e Henar Méndez Piñeiro, Lourdes García Arruñada e Marta Rivas Cabana, que ocuparon os postos do quinto ao sétimo na final B dos 2.000 sub-14. Pola súa banda, Fer Vallines mellor marca persoal do ano con 14,97 e entra entre os mellores de España.



XIMNASIA. O equipo xuvenil de base de ximnasia do Porta Norte, composto por Elisa, María V, María L, Carla e Dani, fíxose coa medalla de prata no Campionato Galego de Conxuntos Base disputado en Ourense. As mariñas ofreceron en dúas sesións un gran exercicio respaldado polo xurado, nun momento complicado no que estar en competición resulta complexo.

Darío Rodríguez, campión galego de lanzamento de peso

O atleta benxamín do Club Atletismo Ribadeo Darío Rodríguez Pérez vén de proclamarse campión galego de lanzamento de peso de 1 quilo no XIII Campionato de Galicia sub 10, 12 e 14 de Pista Cuberta, que se celebrou en Ourense este pasado sábado. Desde o Club Atletismo Ribadeo destacan que Darío Rodríguez Pérez “fixo un tremendo concurso, lanzando todos os seus intentos por riba da súa marca previa a este campionato, para proclamarse campión galego de peso sub 10 cun mellor lanzamento de 9,97 metros”.

Darío Rodríguez tamén participou na carreira de 50 metros lisos, na que

fixo plusmarca persoal, acadando o 6º posto na súa final, cun tempo de 8.52.

O Club tamén estivo representado por outros tres atletas, que obtiveron bos resultados: Daniel Rodríguez Pérez, que participou na carreira de 50 metros lisos, acadando a 6ª posición cun tempo de 8.76, mellorando a súa marca; e en Infantil competiron nos 60 metros lisos Paula Conde Carrelo, que obtivo a 5ª praza na súa final cun tempo de 8.91, e Brais García González, que fixo plusmarca persoal no seu debut nun campionato galego, acadando a 4ª posición na súa final, cun tempo de 8.58.



Entrega de alimentos e xoguetes por Amigos da Troula de Cervo



Os Reis Magos recibiron en Cervo a visita dos pequenos da vila



Entrega de premios do certame Días Azuis en Foz



Visita do paxe de Papá Noel aos colexios de Cervo



Clausura da exposición Recunchos literarios de Mondoñedo



Concerto de Nadal en Xove, en días previos ao Nadal

O Petisco
Viñoteca

Vinos de D.O. Galegos
Vinos de D.O. das diferentes rexións da xeografía nacional
Racións elaboradas con produtos da zona e coa calidade Galega

CALIDADE E BO PRECIO ! - MONDOÑEDO MOLA!

Praza do Concello, 12, 27740 Mondoñedo, Lugo - Tel.: 627 792 015



Papá Noel recibiu aos pequenos en Ourel



Visita da alcaldesa ao PAI de Trabada para entregar agasallos



Pequenos de San Cibrao felicitando o Nadal aos usuarios da residencia de maiores



Actividade infantil de reciclaxe en Burela, organizada por Gaia



Obradoiro de estampación realizado por Eco das minas, na Pontenova



Papá Noel visitou a casa da cultura do Vicedo




Gañadores en Foz do primeiro premio do II Concurso do Podcast Xosé Mosquera



COLABORACIÓN

Psicólogos... e eso que vén sendo?

PSICOLOXÍA

Lorena Maradona
Psicóloga

Amin non me fai falta ir ó psicólogo; pero ti que tes que ir facer a un psicólogo que non estás tolo; sempre é bon que abran centros de psicólogos porque xente tola hai... Estas e outras lindezas seguro que estamos todos cheos de escoitar en moitas ocasións. A que se debe? Ó descoñecemento total e absoluto da realidade da profesión da psicoloxía e ,por que non dicilo, á ignorancia da poboación en xeral de cara a tratar de coñecer a que se adica cada profesional. Un psicólogo é un coñecedor da conducta humano, un experto no cambio do comportamento, que ensina recursos psicolóxicos ás persoas para solucionar os problemas da vida cotiá, facilitando así a

súa adaptación ó contexto no que viven e tratando de que se sintan ben a curto, medio e longo prazo. Falamos de problemas psicolóxicos cando a relación que existe entre a persoa e o seu entorno crea insatisfacción e /ou perxuiños a ela mesma ou ós que a rodean. Os problemas psicolóxicos non teñen nada que ver cas “enfermedades mentais”, que consideran que o problema está no interior da persoa e que existe unha causa orgánica que orixina todo e un conxunto de síntomas específicos que se manifestan. Por exemplo, dicir que unha persoa é tímida non quere dicir que teña unha enfermidade incurable ou que teña unha característica de personalidade que non poida cambiar. Simplemente quere dicir que a persoa nas relación interpersoais emite conductas ineficaces para sentirse ben ou para conseguir os obxectivos que desexa . As técnicas de intervención psi-

colóxicas tratan de responder á pregunta: ¿Cómo aprendemos a comportarnos da forma na que o facemos?

O tratamento psicolóxico require un traballo conxunto e coordinado entre o psicólogo e a persoa que demanda axuda. O profesional pode sinalar cales son os comportamentos e pautas que o paciente debería aplicar para solucionar o seu problema e ademais pode e deber facilitar as condicións para que ditas conductas se realicen, pero finalmente, se o paciente non as pon en práctica, o problema probablemente non se solucionará. É moi importante recalcar que os psicólogos non estamos para “dar consellos”, nin para dicir o que teñen que facer as persoas . Simplemente, tras varias sesión de avaliación nas que tratamos de chegar a coñecer en profundidade o que está ocorrendo nese caso, tratamos de orientar, guiar, soste...a esa persoa facendo sem-

pre que reflexione sobre o antes, o agora, o despois, as causas, as consecuencias...do que está a vivir e tendéndolle un apoio para que ela mesma poida avanzar sen a necesidade de contar con nós, pois o único que se busca ou debería de buscar dende a nosa profesión é que o paciente acadase unha alta ou cando menos mellor calidade de vida.

Na miña consulta vense problemas relacionados coa psicoloxía clínica como trastornos depresivos e de ansiedade, trastornos obsesivo-compulsivos, trastornos relacionados con traumas e factores de estrés, trastornos alimentarios, do sono, do control de impulsos, de personalidade... Abarco tamén o interesante mundo da sexoloxía. Ás veces ós pacientes pode costarlles dar o primeiro paso de acudir a consulta por unha circunstancia relacionada coa súa vida sexual ou da súa parella como por exemplo eyaculación precoz, disfunción

eréctil, anorgasmia, vaginismo... pero dende que perciben que este tema é tratado en consulta dunha forma totalmente natural, reláxanse por completo e dan o mellor de si para solucionar problemas que, aínda que poda parecer extraño, son bastante doados de tratar. É moi reconfortante tamén o tema da neuropsicoloxía. ¿Que é eso vos preguntaredes? Pois non é máis que tratar de coñecer os déficits cognitivos (atención ,linguaxe, memoria, razoamento...) e comportamentais que se producen nunha persoa despois de haber sufrido algunha lesión ou disfunción no cerebro (ictus isquémico ou hemorráxico, traumatismo craneoencefálico, demencias, infeccións, tumores...) De sabido o que ocorre, tratamos de propoñer un programa de rehabilitación personalizada que nos axude a compensar, substituír ou optimizar as funcións deterioradas.

Natalicia ars

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Nadal, Navidad, Natal, Noël, Natale, Christmas, Weihnachten, Рождество...Moitas palabras para unha mesma idea. Cada 25 de decembro celébrase o nacemento de Xesús en diferentes Igrexas do mundo enteiro: católica, anglicana, na maioría das ortodoxas, nalgúns comunidades protestantes, etc. É unha festividade moi importante na cultura cristiá que inspirou a moitísimos artistas ao longo da Historia: pintores, escritores, compositores... Infinitade de nomes estratosféricos que nos deleitan coas súas creacións e que outorgan un maior simbolismo ao Nadal. No ámbito musical atopamos unha gran variedade de composicións inspiradas nestas datas, dende os grandes oratorios ou concertos de Nadal ata as pezas de carácter popular coñecidas como panxoliñas. Xa na Idade Media o canto ocupaba un lugar moi importante dentro da liturxia relixiosa e máis aínda nunha cele-

bración tan especial como a do 25 de Decembro. E falando de música e relixión é de obrigada mención a figura de J.S.Bach (1685-1750), sen dúbida un dos máis grandes compositores da historia da música occidental. Digo máis, se as relixións naceron en torno a persoas extraordinarias, Bach debería ter a súa propia e seguro que contaría con miles de adeptos! Deus da polifonía e o contrapunto, fonte de inspiración inesgotable para tantísimos compositores de todos os tempos: J.Haydn, W.A.Mozart, L.van Beethoven, F.Mendelssohn, R.Schumann, etc. AMÉN. Home -aínda que costa crer que fora humano- de profundas conviccións relixiosas que conta no seu catálogo con infinitade de obras sacras, entre as que destaca o seu Oratorio de Nadal, BWV 248. Escrito para o Nadal de 1734 incorpora música de composicións anteriores, tres cantatas seculares e outra escrita para a Igrexa, perdida a día de hoxe. Ademais da vastísima obra de Bach atopamos outras magníficas composicións que honran estas datas tan especiais: o sobradamente coñecido Mesías de Händel composto en 1741, o Concerto de Nadal do compositor do

barroco italiano A.Corelli, Oratoire de Noël (1858) de C.Saint-Saëns, o famosísimo ballet O Quebrancos de P.I.Tchaikovsky, estreado en 1892 e baseado na adaptación feita por Alejandro Dumas do conto O Quebrancos e o Rei dos Ratóns de E.T.A.Hoffmann; a ópera A Noite de Nadal de N.Rimski-Kórsakov, A Boy was Born do compositor inglés B.Britten, etc. Seguindo con música natalicia non podemos esquecer esas cancións populares e cheas de ledicia que todxs coñecemos en maior ou menor medida, as panxoliñas. En orixe non estaban ligadas ao Nadal como tal, de feito este tipo de cancións populares versaban sobre temáticas moi diversas cando comezaron a popularizarse en España e Portugal durante a Idade Media e o Renacemento. Principalmente tratábase de composicións vocais inspiradas en textos de temática rural e que non sempre se acompañaban con instrumentos. Autores tan recoñecidos como Juan de la Encina, Mateo Flecha ou Gaspar Fernandes regaláronnos fermosas musicalizacións. As panxoliñas constituían un dos tres xéneros máis importantes da lírica popular española, xunto coas cantigas e as jarchas

mozárabes. Finalmente unha gran parte das panxoliñas renacentistas foron recollidas en manuscritos e volumes antolóxicos coñecidos como Cancioneiros, entre os que destacan o Cancioneiro Xeral, o de Palacio, Linares, Medinaceli, Colombine ou o de Upsala. Co paso do tempo as panxoliñas foron acadando maior relevancia nas festividade relixiosas, sendo o Nadal a celebración na que ditas composicións se fixeron máis populares. Ao longo dos séculos XVII e XVIII as panxoliñas lograron unha gran sofisticación musical, incluíndo coros, solistas e mesmo representacións teatrais. Mención especial merece o compositor mindoniense José Pacheco (1784-1865), mestre de capela durante 60 anos na Catedral de Mondoñedo que conta no seu catálogo cunha extensa produción de panxoliñas sacras e profanas, tanto en galego como en castelán. Se no ámbito musical vemos a infinitade de composicións inspiradas no Nadal, non son menos as maravillosas obras de arte que nos ofrece o mundo pictórico e literario. É imposible mencionar todos os cadros e libros nos que os seus creadores beberon da fonte inspiradora do universo natalicio. A lista sería

realmente longa, moi longa; e por suposto, chea de beleza, de imaxinación, de creatividade; en definitiva, de maxia. Un deses cadros é “A Anunciación” de Fra Angelico, obra do pintor toscano do Renacemento, Guido di Pietro da Mugello (1400-1455). Trátase dun retablo realizado en ouro e temple sobre táboa, pintado orixinalmente para a Igrexa do Convento de Santo Domingo de Fiesole (Italia) e que na actualidade se conserva no Museo do Prado en Madrid. Lembro perfectamente esa cor azul tan intensa do manto da Virxe e da bóveda que a cobre cal ceo estrelado, ou os raios de sol dourados que iluminan a estancia como se fose luz natural, unha auténtica xoia. Outras pezas do “xoieiro” son “A Adoración dos Magos” de Leonardo da Vinci, “Adoración dos pastores” do Greco, “Adoración dos Magos” do Bosco, “Natividade mística” de Botticelli e un longo e extraordinario etcétera. Valoremos o misticismo, a maxia e a beleza da arte natalicia e refutemos un pouquiño máis o egoísmo e a avaricia, non vaia ser que recibamos a visita dunha pantasma anoxada como lle acontece ao protagonista de C.Dickens en A Christmas Carol, nunca se sabe...

A alma tamén doe

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

A saúde mental é, en termos xerais, o estado de equilibrio entre unha persoa e o seu entorno sociocultural, aquilo que garante a súa participación laboral, intelectual e de relacións para acadar benestar e calidade de vida. E eu, coido que foi a principal perxudicada neste ano que rematou. Non estou eu moi segura de que o que tivemos como lema ao longo de todo o confinamento: "Sairemos mais fortes" fose levado con totalidade á práctica. Cando menos no meu entorno mais de preto. Porque todos tivemos momentos duros e pensamentos escuros. Moi lonxe da psicoloxía, escribo estas liñas sempre desde o lado do paciente. E desde o lado do familiar, moito disto último.

Sempre foi un dos temas considerados tabú, por doloroso ou ofensivo. E eu falo por min, porque non sei o que lle parecerá ao resto. Das miñas asiduas visitas a Raquel durante a carreira. Da paz coa que saía da súa consulta. Porque me deu raíces, xusto as que precisaba para voar. Foi ela a que me deu ferramentas para xestionar as emocións que nalgures me desbordaron. A que me ensinou que eu xa sabía do que era capaz aínda que me parece-se o contrario. A que nada mais abrir a porta, era quen de cheirarme o espírito. E un día agardei fóra da sala e a voz que me chamou non me soou familiar, porque Raquel marchara axudar a outras rapazas fóra da vila. Fóra do meu alcance. E eu sentínme soa, abandonada. Entrei con recelo e a nova psicóloga non tiña nada que ver con Raquel. E por moito que se esforzase non era quen de encher o meu baleiro. Consultas despois decateime de que "cada maestrillo tiene su

librillo", e que era capaz de axudarme doutro xeito. Quizais non do que a min mellor me acaía, pero un dos seus esquemas preside a miña mesa da Academia. Porque ela sabía da miña mente matemática, e cun esquema pódese simplificar ata o mais difícil dos problemas.

Cando precisei da súa axuda, xa non me soou a novo. O avó xa acompañara a M. desde ben pequena ao psiquiatra a Lugo. E o que agora nos amilagra, para Libardo era coma quen vai ao dentista porque lle doe unha moa. Necesario. Isto non fai mais que confirmar a miña teoría de que na meirande parte das ocasións fai case un século eramos mais modernos do que somos agora. Como mínimo, menos entrometidos. Coma cando lle dixen a Anisia que o meu mellor amigo era homosexual, ao que chea de razón con case noventa anos me contestou: "E a min que me im-

porta! Eu non lle vou a preguntar con quen se deita. El que sexa feliz."

Agora dádesvos unha idea do que me costou afacerme sen ela. Noites sen durmir que tan só calmaron tras moita axuda. Porque sei ca todos somos vítimas do medo, do vértigo á inmensidade... da existencia. E hai que ser moi valente para pedir axudala e aceptala. Porque todos os medos son irracionais e é preciso de moito raciocinio para aprender a convivir con eles. De seguro no entorno de cada un de nós atopamos a alguén con mais saúde física ca mental. E é un enfermo, tolos son os que llo chaman. Porque a tolemia adoita ser transitoria, a estupidez eterna.

E a morte está tan segura do seu triunfo, que nos da unha vida de vantaxe. Por eso é tan necesario tratar de vivirla en estabilidade e facer moito diso que nos da paz mental.

HUMOR RURAL



a elección de...

Ana Ermida
Alcaldesa de Barreiros

un libro

A historia interminable,
de Michael Ende

un disco

Clases de baile,
de Aurora Beltrán

unha película




A vida é bela

un personaxe histórico




María Soliña

un lugar para visitar



Praga

unha afección



Viaxar

unha comida



Calquera en boa compañía

unha bebida



Auga

Consulta os eventos en:
www.amariñaxa.com

TechnoChin

EL 2º Y 3º PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

EL 3º PARA TÍ O PARA QUIEN TÚ QUIERAS

*Ver condiciones en óptica o en afflelou.es

BURELA: C/ROSALÍA DE CASTRO, 25 (E-27-000139) • 982 58 21 70

FOZ: AV. DA MARIÑA, 40 (E-27-000144) • 982 13 30 66

ALAIN AFFLELOU

Pide cita en afflelou.es

D&A

Díaz & Abad

abogados

NOSOTROS ENCONTRAMOS LA VERDAD

SERVICIO DE DETECTIVE PRIVADO

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243

Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O mirador da Atalaia e o segredo da súa pedra

A Capela da Trindade é unha das construcións máis antigas de Ribadeo e arredor da súa fachada cóntase unha lenda do século XVIII



Unha fotografía da Atalaia ou Capela da Santísima Trindade de Ribadeo



O Cristo dos Navegantes, do S.XVIII



O retablo maior do templo, de estilo barroco, conta con dúas columnas salomónicas

Por Emilio Piñeiroa

A Atalaia está situada nun promontorio sobre Porcillán e a Ría de Ribadeo. Este templo axudou durante séculos aos barcos a enfilarse o rumbo, sendo ademais un bastión fundamental para a defensa do porto e da vila. Os canóns, datados do século XVI, mostran a posición estratéxica na que se atopaba o lugar naqueles tempos.

A Capela, chamada da Santísima

Trindade, é una das construcións máis antigas de Ribadeo. A fachada conserva a portada de estilo gótico (S.XIV) cun arco oxival con ornamentación xeométrica de granito. No centro do hastial do frontispicio, atópase unha pedra cadrada de cantería. Desta pedra fixo referencia o historiador Francisco Campos Dorado, no seu libro *Escudos de Armas do Concello de Ribadeo*. Na súa obra, deixa se entrever que ao redor de dita pe-

dra de cantería se desenrola unha historia singular.

Ao parecer, segundo a obra de Campos, a Confraría da Igrexa da Trindade queixouse ao bispo de Mondoñedo en 1722 ao darse de conta de que o Concello mandara colocar sobre a porta principal o escudo de Armas de Ribadeo. Un privilexio, que dende o punto de vista da Confraría, non lles correspondía.

O tribunal eclesiástico fallou o preito en 1723, ordenando que se recoñecesen como patróns aos mordomos e aos confrades. Tras a sentenza, os escudos debían ser arrincados da fachada, sen embargo, o que pasou despois, trae consigo unha posible lenda.

Cóntase que o xuíz ao que se lle encomendara executar a sentenza non quería contradicir ao bispo, pero tampouco darlle a razón en contra do Concello de Ribadeo. Ante isto, este xuíz tomou unha decisión salomónica: Nin a razón para o bispo nin para o concello.

O que mandou foi darlle a volta á pedra armeira, meter o brasón cara a dentro da parede, e deixar a pedra do escudo no sitio. Así sacáballe a razón ao concello, por non aparecer as Armas na parede da capela, e por outro lado, tampouco lle daba a razón ao bispo, porque a pedra non se arrincaba da parede como ordenara.

Con isto explicárase que a día de hoxe se vexa unha pedra cadrada de cantería sobre a porta da fachada, que aparentemente non significa nada, pero que ten todo un conto sen resolver xusto tras ela. Deixando as fábulas a un lado, cabe sinalar as estruturas que se atopan no interior da capela. Nela gárdanse tres retablos barrocos, un Cristo e a pila de auga bendita. Dise que o retablo maior foi traído da Colexiata de Santa María, hoxe desaparecida. Este retablo conta con dúas columnas salomónicas e está dividido en dous corpos: No centro represéntase a Virxe do Carme, patroa dos mariñeiros, a

S. Elías e a Sta. Tereixa, mentres que no ático encóntrase A Trindade. Á esquerda do retablo pódese ver a Inmaculada e á dereita Sta. Apolonia.

No baptisterio atópase o Cristo dos Navegantes (datado do século XVIII), que foi traído do antigo cemiterio vello.

Os retablos laterais representan á Virxe dos Remedios, á esquerda, e a San Xosé co neno, á dereita.



O retablo lateral ubicado na esquerda, que representa á Virxe dos Remedios



Pila de auga bendita gótica, do S. XIV

PÍDANOS PRESUPUESTO Sin compromiso

VIVEIRO ASESORES
David Gómez Rosa - Colegiado Nº 2-1120 COAFGA

Asesoramiento fiscal, laboral y contable

Tramitación de subvenciones

Correduría de seguros

Gestión de comunidades de propietarios

C/ Misericordia, 41, Viveiro
Telf.: 982 570 123
www.viveiroasesores.com

Consejo General de Colegios
Administradores de Fincas
España

